	Media Aritmética menos 10 unidades porcentuales		26,65%	13.753,13		

Lote 2: medios *online*.

Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, se entre elas existen ofertas que sexan superiores á devandita media en máis de 10 unidades porcentuais, procederase ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se encontren no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

Neste caso, a oferta presentada por Glocally Comunicacion Integral, S.L.está incurso en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa.

Contrato: 2025/CON_02/000119						
Precio Base de	18.750,00					
OFERTAS PRESENTADAS	Importe Oferta	Importe de la Baja	Porcentaje de Baja sobre precio base licitación	Primer Filtro	¿Baja Temeraria?	
ARDORA COMUNICACION SLU	16.500,00	2.250,00	12,0000%	No se incluye	No es Baja Temeraria	
Francisco Rosa Lemus	15.562,50	3.187,50	17,0000%	No se incluye	No es Baja Temeraria	
GLOCALLY COMUNICACION INTEGRAL, S.L.	5.625,00	13.125,00	70,0000%	Se incluye	Es Baja Temeraria	
INFOVALOR S.L	14.062,50	4.687,50	25,0000%	Se incluye	No es Baja Temeraria	
Medias calculadas	12.937,50	5.812,50	47,50%	9.843,75	Media Ofertas incluidas	
Porcentaje de Baja a partir del cual se considera BAJA TEMERARIA e importe de la oferta, en valores absolutos, a partir del cual tiene esa consideración (Media Aritmética Ofertas incluidas menos 10 unidades porcentuales)			52,75%	8.859,38		

IV7QGELIXWO7PJ3CAYGGL2T7Y		Fecha y Hora	29/01/2026 11:23:50
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGELIXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Página	17/112



Explícase que, nestas licitacións tramitadas por procedemento simplificado abreviado "sumario", o artigo 159.4 da LCSP permite que se acumule, respecto do licitador que obtivo mellor puntuación, a solicitude de documentación que non conste nos rexistros de licitadores, co trámite de xustificación da oferta desproporcionada ou anormalmente baixa.

No caso de que a empresa proposta, en tanto que presenta a mellor oferta, non xustifique a súa proposición e sexa excluída, pasará ao seguinte licitador. Neste caso, convocaríase unha nova mesa de contratación.

Visto o que antecede, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade:

1.- Conceder o trámite de xustificación das ofertas presentadas, previsto no art. 149.4 da LCSP, en relación coa cláusula décimo terceira do PCAP que rexe esta licitación, por un prazo non superior a cinco días hábiles, ao licitador que obtivo a mellor puntuación tanto no Lote 1 coma no lote 2, Glocally Comunicacion Integral, S.L., ao encontrarse as súas ofertas en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixas. Acórdase que polo Servizo de Contratación se efectúen os trámites de xustificación de oferta desproporcionada existente e se convoque novamente á Mesa para exame do preceptivo informe técnico.

2- Requirir á empresa Glocally Comunicacion Integral, S.L. para que, no prazo de sete días hábiles, achegue a documentación relacionada no apartado "O" do cadro resumo e na cláusula décimo sétima do PCAP, de conformidade co artigo 159.4 da LCSP, sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia, significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Lote 1: medios *offline*: Glocally Comunicacion Integral, S.L.

Lote 2: medios *online*: Glocally Comunicacion Integral, S.L.

A maiores deberá de presentar a documentación recollida no apartado "O" do cadro resumen do PCAP.

Declaración de compromiso en relación coa execución de actuacións do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) e de ausencia de conflito de intereses (Ver modelo Anexo III).

Declaración de cesión e tratamento de datos en relación coa execución de actuacións do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) (Ver modelo Anexo IV).

Estas declaracións están contidas no Plan de medidas antifraude da Deputación de Lugo e poden consultarse na seguinte ligazón:

https://www.deputacionlugo.gal/sites/deputacionlugo.org/files/inline-files/3MYF_castelán.pdf

Acreditación da inscrición no censo de empresarios, profesionais e retenedores da axencia estatal da administración tributaria ou no censo equivalente da administración tributaria foral, que debe reflectir a actividade efectivamente

	IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Fecha y Hora	29/01/2026 11:23:50
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Página	18/112





desenvolvida na data de participacion no procedemento de licitacion (artigo 8.1 F) da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro).

Contra o presente acto, por tratarse de un acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.

A Mesa de contratación faculta ao Servizo de Contratación para recabar todos os informes, certificados e bastanteos que sexan necesarios para a adxudicación.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as 09:09 horas do día de referencia, de todo o cal eu e a Secretaria da Mesa, Certifico."

Reunida a Mesa de contratación o día de hoxe, 13 de xaneiro de 2026, pola Presidencia infórmase aos membros da Mesa de Contratación aos efectos de examinar a documentación requirida o día 15 de decembro de 2025 á empresa Glocally Comunicación Integral, S.L. para os lotes 1 e 2, en base aos acordos adoptados na mesa de contratación celebrada o día 12 de decembro de 2025, resultando que a empresa presentou en prazo a través da Plataforma de Contratos do Sector Público a documentación relativa á cláusula décimo sétima do PCAP e a xustificación da oferta económica presentada para os lotes 1 e 2 por incorrer en ofertas anormalmente baixas ou desproporcionadas en prazo.

Incorpórase informe do servizo de Emprego con CSV: IV7Q2SJCDM7P37EZAYXCKMLB6M en relación á xustificación da súa oferta económica para os lotes 1 e 2, é conclúe o seguinte:

"Revisada a documentación do expediente e en particular a documento presentada pola empresa licitadora, o Servizo de Promoción Económica e Emprego, informa:

A documentación presentada polo licitador Glocally Comunicación Integral S.L é suficiente para poder valorar se a baixada de prezos é ou non temeraria. A memoria presentada documenta non só a porcentaxe de desconto ofertada para cada un dos lotes, senón para cada punto da oferta económica, baseándose que dita baixada e froito do volume de negocio e acordos consolidados con grupos de medios e soportes locais que lles permiten un poder negociador derivado do volume de campañas anuais onde obteñen condicións económicas moi vantaxosas con tarifas preferentes, rappels anuais así como condicións de pago que lles permiten alcanzar os obxectivos marcados a prezos máis baixos.

A xuízo de quen subscribe, segundo os antecedentes obrantes de Glocally Comunicación Integral S.L na entidade e en base ao escrito formulado, consideramos que a información achegada, explica satisfactoriamente o baixo prezo unitario na fase

	IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Fecha y Hora	29/01/2026 11:23:50	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Página	19/112	

de presentación de ofertas económicas, así coma viabilidade e seriedade da súa oferta para realizar con garantía de éxito a presente contratación.”

Os membros da Mesa de Contratación acordan por unanimidade aceptar o informe emitido polo servizo de Emprego e en consecuencia aceptar as ofertas de Glocally Comunicación Integral S.L para os Lotes 1 e 2.

Respecto da documentación relativa á cláusula décimo sétima do PCAP, a Presidenta informa aos membros da mesa, que de forma previa á celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

Pola Presidencia dáse conta que se incorpora ao expediente as declaracións asinadas de ausencia de conflito de interese das persoas que forman parte da Mesa de Contratación así como o informe de resultados do Análise de Riscos de Conflictos de Interés realizado por MINERVA concluíndo o seguinte:

“Se ha realizado el análisis de riesgos de las 11 posibles parejas decisor-potencial beneficiario, siendo el resultado el siguiente:

11 casos de no detección de existencia de riesgo de conflicto de interés (banderas verdes)

0 casos de detección de existencia de riesgo de conflicto de interés (banderas rojas)

Además, hay 0 potenciales beneficiarios para los que no consta información de titularidades o constan como fallecidos (banderas negras).

Todas las parejas decisor-potencial beneficiario están en situación de bandera verde.”

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Clasificar as ofertas presentadas para os Lotes 1 e 2, atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación.

Lote 1: medios *offline*.

Nombre da Empresa	Puntuación total
1.- GLOCALLY COMUNICACION INTEGRAL, S.L.	100 puntos
2.- Francisco Rosa Lemus	37 puntos
3.- ARDORA COMUNICACION SLU	26,34 puntos

Lote 2: medios *online*.

Nombre da Empresa	Puntuación total
1.- GLOCALLY COMUNICACION INTEGRAL, S.L.	100 puntos
2.- INFOVALOR S.L.	55 puntos
3.- Francisco Rosa Lemus	47 puntos
4.- ARDORA COMUNICACION SLU	42 puntos

2º.-Adxudicar á empresa Glocally Comunicacion Integral, S.L. a contratación por lotes do servizo de publicidade para a execución do proxecto “Y para digitalizarse Lugo”, dentro do programa “Reto rural digital” no marco do “Plan de recuperación, transformación e resiliencia- financiado pola Unión Europea- *Next Generation EU*”- Componente C19 Inversión I1., nos termos recollidos a continuación.

	IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Fecha y Hora	29/01/2026 11:23:50
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Página	20/112





LOTES 1 e 2 ADXUDICATARIA GLOCALLY COMUNICACION INTEGRAL, S.L.	Base Imponible	IVA (21%)	IMPORTE DE ADXUDICACIÓN (Apartado "F" do cadro resume do PCAP "A contía máxima das devanditas unidades defínese no contrato, polo que o prezo do contrato será o que resulte da súa adxudicación, aplicando o porcentaxe de baixa ofertada ao importe total).
LOTE 1: MEDIOS OFFLINE	10.847,11€	2.277,89€	13.125,00€ (oferta baixada sobre os prezos unitarios recollidos no Anexo do PPT de: 30 %)
LOTE 2: MEDIOS ONLINE	4.648,76€	976,24€	5.625,00€ (oferta baixada sobre os prezos unitarios recollidos no Anexo do PPT de: 70 %)

Melloras ofertadas- Lote 1: medios *offline*. Oferta un incremento do número de publicacións en medios offline a maiores do mínimo esixido sen custe adicional para a Deputación Provincial de Lugo de:

1 anuncio cuarto de páxina en color.

Melloras ofertadas- Lote 2: medios *online*. Oferta un incremento do número de publicacións en redes a maiores do mínimo esixido sen custe adicional para a Deputación Provincial de Lugo de: 1 *reel* de 60 segundos.

3º.- O contrato entrará en vigor a partir do día seguinte ao da subscripción da acta de inicio do contrato ou data que figure na mesma, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato, e rematará o día 31.03.2026.

4º.- Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as 09:14 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da Mesa, Certifico."

Vista a fiscalización previa de conformidade, propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Clasificar por lotes aos licitadores admitidos, atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Lote 1: medios *offline*.

Nombre da Empresa	Puntuación total
1.-GLOCALLY COMUNICACION INTEGRAL, S.L.	100 puntos
2.-Francisco Rosa Lemus	37 puntos
3.-ARDORA COMUNICACION SLU	26,34 puntos

Lote 2: medios *online*.

Nombre da Empresa	Puntuación total
1.- GLOCALLY COMUNICACION INTEGRAL, S.L.	100 puntos
2.- INFOVALOR S.L.	55 puntos
3.- Francisco Rosa Lemus	47 puntos
4.- ARDORA COMUNICACION SLU	42 puntos

	IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Fecha y Hora	29/01/2026 11:23:50	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Página	21/112	

2º.- Adxudicar á empresa Glocally Comunicacion Integral, S.L. a contratación por lotes do servizo de publicidade para a execución do proxecto “Y para digitalizarse Lugo”, dentro do programa “Reto rural digital” no marco do “Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia- financiado pola Unión Europea- *Next Generation EU*”- Componente C19 Inversión I1., nos termos recollidos a continuación.

LOTES 1 e 2 ADXUDICATARIA GLOCALLY COMUNICACION INTEGRAL, S.L.	Base Imponible	IVA (21%)	IMPORTE DE ADXUDICACIÓN (Apartado “F” do cadro resume do PCAP “A contía máxima das devanditas unidades defínese no contrato, polo que o prezo do contrato será o que resulte da súa adxudicación, aplicando o porcentaxe de baixa ofertada ao importe total).
LOTE 1: MEDIOS OFFLINE	10.847,11 €	2.277,89 €	13.125,00€ (oferta baixada sobre os prezos unitarios recollidos no Anexo do PPT de: 30 %)
LOTE 2: MEDIOS ONLINE	4.648,76 €	976,24 €	5.625,00€ (oferta baixada sobre os prezos unitarios recollidos no Anexo do PPT de: 70 %)

Melloras ofertadas- Lote 1: medios *offline*. Oferta un incremento do número de publicacións en medios offline a maiores do mínimo esixido sen custe adicional para a Deputación Provincial de Lugo de: 1 anuncio cuarto de páxina en color.

Melloras ofertadas- Lote 2: medios *online*. Oferta un incremento do número de publicacións en redes a maiores do mínimo esixido sen custe adicional para a Deputación Provincial de Lugo de: 1 *reel* de 60 segundos.

3º.- O contrato entrará en vigor a partir do día seguinte ao da subscripción da acta de inicio do contrato ou data que figure na mesma, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato, e rematará o día 31.03.2026.

4º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

5º.- Instar á formalización do contrato, que se efectuará pola firma da aceptación polo contratista da resolución de adxudicación, conforme ao previsto no artigo 159.6 letra g) da LCSP.

6º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INFORME EMITIDO EN RELACIÓN AO RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO POLA LICITADORA HERBECON SYSTEMS SL CONTRA A ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE 2025/CON_02/000078 RELATIVO Á CONTRATACIÓN PARA A IMPLANTACIÓN DE PUNTOS DE REXISTRO E SISTEMA DE CONTROL DE PRESENZA NOS CONCELLOS PROXECTO ENMARCADO DENTRO DO PROGRAMA

	IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Fecha y Hora	29/01/2026 11:23:50
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Página	22/112





IMPULSATIC (PLAN DE DIXITALIZACIÓN DA PROVINCIA DE LUGO) NO MARCO DO “PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA- NEXT GENERATION EU”- COMPONENTE 11 INVERSIÓN 3.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Recurso especial en materia de contratación nº:1/2026.

Emítase o informe solicitado polo Tribunal Administrativo de recursos Contractuais da Deputación de Lugo con atención ós seguintes:

Antecedentes de feito.

Para os efectos da emisión do presente informe, constan como antecedentes inmediatos máis salientables do expediente administrativo remitido ao Tribunal, os seguintes feitos e documentos:

Con data 25 de novembro 2025, a Presidencia da Deputación dita Resolución con CSV: IV7Q4TS33T4ZV6FPAIOBO3TXL4, pola que se insta ó requirimento á empresa Herbecón System S.L. da documentación precisa para a adxudicación do contrato ao seu favor (conforme ao establecido no artigo 150 da LCSP, na cláusula 17 do PCAP e no apartado “P” do cadro resume do PCAP.

O día 09 de decembro de 2025, a empresa Herbecón System S.L. achega unha serie de documentación, atendendo ao requirimento cursado polo Órgano de contratación.

Trala análise da documentación achegada pola empresa, a mesa de contratación acorda, o día 12 de decembro de 2025 (segundo consta na acta levantada a tales efectos con CSV: V7Q6G26HD4P3G633QOHIU2SKU), requirir á empresa Herbecón Systems S.L. a enmenda da documentación administrativa presentada o día 09 de decembro de 2025, concretamente no tocante á solvencia técnica e a dúas declaracións responsables que non son obxecto de controversia.

Reunida a mesa de contratación en sesión ordinaria celebrada o día 19 de decembro de 2025, co obxecto de proceder ao estudo da documentación administrativa presentada pola empresa Herbecón System S.L. en fase de subsanación, a mesa constata que a solvencia técnica e profesional presentada pola empresa Herbecón System S.L. é insuficiente, xa que non alcanza o importe mínimo esixido que ascende a 121.656,50 euros e se propón que pola Xunta de Goberno se acorde a exclusión da empresa Herbecón System S.L., por non subsanar correctamente a acreditación da solvencia técnica, e se declare deserto o procedemento de contratación (segundo se recolle na acta da mesa de contratación, con CSV: IV7QYWYNPUVTZRKGQHVFI70A).

	IV7QGELIXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Fecha y Hora	29/01/2026 11:23:50	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGELIXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Página	23/112	

Dita proposta da mesa de contratación foi confirmada polo órgano de contratación mediante acordo da Xunta de Goberno do 30 de decembro de 2025.

Na data do 08 de xaneiro de 2026, remítese ao recorrente notificación do Acordo da Xunta de Goberno do día 30 de decembro de 2025, con CSV: IV7Q2MDZJ506WTBNAQYFAQJV4I.

O día 09 de xaneiro de 2026, a empresa Herbecon Systems S.L. interpón recurso especial en materia de contratación nº1/2026, contra o Acordo da Xunta de Goberno do 30 de decembro de 2025.

Considerando o anterior e visto o contido do recurso entendemos procedente informar:

Lexislación aplicable.

Lei de contratos do sector Público 9/2017 pola que se traspoñen as directivas comunitarias en materia de contratación pública.

Lei 39/2015 do procedemento administrativo común.

Consideracións.

A competencia para emisión do informe, corresponde neste caso a Xunta de goberno que actúa como órgano de contratación na aprobación do expediente.

Asimesmo, o presente se someterá ó conforme da secretaria xeral a tenor do disposto na disposición Adicional 3ª de la LCSP y del Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, por el que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

A) Dende o punto de vista formal

Consta a lexitimación da recorrente a teor do disposto no art 48 da LCSP e a interposición en prazo, considerando a notificación e publicación do Acordo que se pretende impugnar do 08 de xaneiro de 2026 e a interposición do recurso o 09 do mesmo mes e ano.

B) Cuestións previas

No tocante a solvencia técnica, o prego de cláusulas administrativas particulares recolle o seguinte:

En primeiro lugar, no apartado "R" do cadro resumo recóllese o seguinte:

"Solvencia requirida (importes): (Ver cláusula décimo sétima do PCAP).

1.- Solvencia económica e financeira:

Volume anual de negocios (1,5 do valor estimado do contrato) Patrimonio neto positivo

260.692,50 €≥1

2.- Solvencia técnica ou profesional (70% do valor estimado do contrato):

121.656,50€"

Na cláusula décimo sétima do PCAP, recóllese o seguinte:

"4.1. Solvencia económica e financeira. Deberá acreditarse por algún dos seguintes medios:

a) Volume anual de negocios, referido ao ano de maior volume de negocios dos tres últimos concluídos. (ver importe concreto no cadro resumo). A estes efectos, o volume anual de negocios deberá ser como mínimo unha vez e media o valor anual medio do contrato.

Aos efectos do cálculo do valor anual medio do contrato para a acreditación de solvencia non se considerarán as prórrogas, modificados ou opcións senón en

	IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Fecha y Hora	29/01/2026 11:23:50	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Página	24/112	



exclusiva o importe equivalente a unha anualidade do contrato excluídos todos os impostos aplicables. De xeito análogo, nos contratos de duración inferior a un ano, tomarase en consideración o importe total do contrato, sen considerar impostos, modificacións ou prórrogas.

4.2. Solvencia técnica ou profesional. Deberá acreditarse polo seguinte medio:

Unha relación dos principais servizos/subministracións de igual o similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato, realizados durante os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos.

Acreditarase mediante certificados ou visados expedidos polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, ou calesquera documentos que acrediten a solvencia nos termos do artigo 60 da Directiva 2014/24/UE do Parlamento europeo e do Consello de 26 de febreiro de 2014 e o apartado a) ii) do Anexo XII, Parte II). Cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañada dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación. No seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

O requisito mínimo será que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70 por cento do valor anual medio do contrato, calculado como no apartado precedente.

(...)

C) Solvencia técnica.

O recorrente alega no fundamento primeiro que o órgano de contratación altera o contido normativo do prego substituíndo o concepto de valor anual medio do contrato polo de anualidade natural aislada. Non se discute que o prego é a lei do contrato e vincula tanto aos licitadores como á Administración, que non pode alteralo nin reinterpretalo.

Como xa se puxo de manifesto nas cuestión previas deste informe, o órgano de contratación nos pregos de cláusulas administrativas- que como ben dí o recorrente vinculan tanto aos licitadores como á Administración- recolle tanto o importe concreto de solvencia técnica que debe acreditar o licitador proposto como adxudicatario como a forma de acreditar dita solvencia. O importe concreto, que ascende a 121.656,50 (recóllese no apartado R do cadro resumo), neste mesmo apartado indícase que este importe se corresponde co 70% do valor estimado do contrato, engadindo a cláusula décimo sétima do PCAP, que “Aos efectos do cálculo do valor anual medio do contrato para a acreditación de solvencia nos contratos de

	IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Fecha y Hora	29/01/2026 11:23:50
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Página	25/112



duración inferior a un ano, tomarase en consideración o importe total do contrato, sen considerar impostos, modificacións ou prórrogas.”

Polo tanto tampouco ten cabida que o recurrente afirme no antecedente terceiro do seu recurso que “Mediante requerimiento de subsanación, el órgano de contratación fija como importe mínimo a acreditar la cuantía de 121.656,50 €, resultante de aplicar el 70 % al valor total del contrato, en lugar del anual medio indicado en los pliegos y LCSP.”, posto que no referido requirimento o único que fai o órgano de contratación e reproducir o recollido nos pregos, utilizando o importe numérico recollido nos pregos utilizando a mesma terminoloxía recollida nos pregos.

Non se pode dar acubillo á afirmación - recollida pola recorrente no fundamento segundo do recurso- de que o órgano de contratación comete un erro de dereito na interpretación do artigo 90 da LCSP atribuíndo ao órgano de contratación:

- a) Ignorar o concepto legal de valor anual medio
- b) Aplicar un criterio non previsto na norma e
- c) Esixir de facto unha solvencia superior á permitida legalmente, analizando a continuación punto por punto cada

No tocante á utilización dunha solvencia superior á permitida legalmente, infórmase que o artigo 74 da LCSP, que regula a esixencia de solvencia para celebrar contratos co sector público, establece no seu apartado primeiro que: “1. Para celebrar contratos con el sector público los empresarios deberán acreditar estar en posesión de las condiciones mínimas de solvencia económica y financiera y profesional o técnica que se determinen por el órgano de contratación. Este requisito será sustituido por el de la clasificación, cuando esta sea exigible conforme a lo dispuesto en esta Ley.”. A lexislación vixente non recolle ningún límite cuantitativo máximo para a solvencia técnica que poida fixar discrecionalmente o órgano de contratación; se ben o mesmo artigo 74, no seu apartado segundo recolle que os criterios de solvencia han de ser proporcionais ao obxecto do contrato. Este ámbito de discrecionalidade queda, en todo caso, sometido a certos principios, como recorda o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (a tal efecto, entre outras, as resolucións do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais -TACRC- núm. 252/2019, 114/2022 y 481/2024) á adecuación ao obxecto e importe do contrato, proporcionalidade e a interdicción de producir efectos discriminatorios.

O órgano de contratación opta por requirir unha solvencia técnica igual a que fixa subsidiariamente o artigo 90.2. para o caso en que os criterios de solvencia non teñan sido fixados no PCAP, polo tanto o que a LCSP establece a tenor deste artigo en ningún caso se pode considerar un límite máximo á solvencia técnica que poida ser solicitada polo órgano de contratación, senón máis ben un límite mínimo preceptivo para o órgano de contratación en caso de que os pregos reitores da contratación non especifiquen un umbral mínimo. No tocante ao traballo de ir delimitando a proporcionalidade da solvencia esixida, a doutrina foi establecendo parámetros para poder determinar se a solvencia é proporcional ou non, se ben a solvencia que fixa subsidiariamente o artigo 90.2, por tratarse dunha solvencia mínima que resulta de aplicación *ex lege*, con independencia do obxecto do contrato e da contía do mesmo, no caso de que non se tivese cuantificado a solvencia técnica no prego, non se pode calificar como desproporcionada.

	IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Fecha y Hora	29/01/2026 11:23:50	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Página	26/112	



Polo que se refire á aplicar un criterio non previsto na norma, como di o recurrente no antecedente segundo do recurso, o prego non innova, non introduce criterios adicionais nin autoriza interpretacións máis restritivas que a norma, senón que reproduce o mandato do artigo 90.1.a da LCSP; se ben, como xa se ten dito, o artigo 90.1 da LCSP non establece ningún límite máximo de esixencia de solvencia técnica, como afirma o recurrente, limitándose este artigo a recoller os medios cualitativos a través dos que se pode acreditar a referida solvencia.

Sobre o concepto legal de valor anual medio, o órgano de contratación entende que hay que poñela en relación co establecido no artigo 79.1 da LCSP, que establece que a expresión da contía se fará por referencia ao valor estimado do contrato cando a duración deste sea igual ou inferior a un ano e por referencia ao valor medio anual do mesmo cando se trate de contratos de duración superior. Ao tratarse dun contrato dunha duración inferior a un ano (figura no apartado "i" do cadro resumo un prazo de dous meses), a expresión da contía faise por referencia ao valor estimado do contrato (así recóllese no apartado R do cadro resumo que os 121.656,50€ se corresponden co 70% do valor estimado do contrato).

Utilizar a fórmula da anualidade media sen aplicación analóxica do artigo 79.1 da LCSP restrinxiría a concorrência, posto que aplicando a fórmula para o cálculo establecida no artigo 36.6 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos a anualidade media calcularíase dividindo o prezo total do contrato polo número de meses do seu prazo de execución e multiplicando por 12 o cociente resultante, é dicir, poñéndoa en relación co disposto no artigo 79.1 o mínimo resultante é de 121.656,50 euros (é dicir o 70% do valor estimado, posto que o valor estimado ascende a 173.795,00 euros.

Se o órgano de contratación optase por calcular o importe aplicando analóxicamente o establecido no artigo 36.6 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas o resultado sería $(173.795/2)*12=1.042.770$ euros (Informe 2/2016, do 18 de febreiro de 2016, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa), polo que o umbral resultante ascendería a 729.939,00.

D) Xurisprudencia específica e confusión conceptual.

No fundamento terceiro e cuarto o recorrente, trae a colación unha serie de resolucións que di son plenamente trasladables ao presente caso, e afirma que detecta unha confusión conceptual entre o ano de maior execución e o exercicio presupostario e que o prego utiliza deliberadamente a expresión ano de maior execución non a de exercicio fiscal cerrado.

Non cómpre entrar ao análise das resolución citadas posto que neste caso o órgano de contratación aplica a literalidade do artigo 90.1.a e 90.2, que regula a forma de

	IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Fecha y Hora	29/01/2026 11:23:50
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Página	27/112



acreditar a solvencia e o umbral aplicado polo órgano de contratación, artigos que reproduce o PCAP.

Así o artigo 90.1.a, establece que a solvencia técnica ou profesional se acreditará por un ou varios dos medios seguintes

“Una relación de los principales servicios o trabajos realizados de igual o similar naturaleza que los que constituyen el objeto del contrato en el curso de, como máximo los tres últimos años, en la que se indique el importe, la fecha y el destinatario, público o privado de los mismos (...)”.

O adxudicatario aporta unha relación de principais servizos realizados, que non supera o importe mínimo esixido nin para o exercicio 2022, nin para o exercicio 2023, nin para o exercicio 2024, nin para o 2025. que totaliza un importe de 147.960,60 euros para todos os exercicios.

Engade o artigo 90.2, que tamén se reproduce nos pregos que a acreditación da solvencia técnica:

“(...) se efectuará mediante la relación de los principales servicios efectuados en los tres últimos años, de igual o similar naturaleza que los que constituyen el objeto del contrato, cuyo importe anual acumulado en el año de mayor ejecución sea igual o superior al 70 por ciento de la anualidad media del contrato”.

Sin entrar a valorar si os traballos realizados teñen natureza similar ou igual aos que constitúen o obxecto do contrato e/ou se os certificados de boa execución que a acompañan son correctos, a mesa de contratación propón a exclusión do licitador porque tanto nos pregos como no requirimento cursado se recolle claramente que o requisito mínimo é que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70 por cento da anualidade media do contrato, que ascende a 121.656,50 euros.

Non procede aplicar aquí avaliar o concepto de exercicio presupostario, exercicio fiscal ou anualidade, posto que como reconece o propio recorrente o prego establece claramente o ano de maior execución, (nótese que non se fai referencia á execución en dous ou tres anos, senon que se recolle únicamente un ano, o de maior execución dos tres últimos, sen referirse en ningún momento aos outros conceptos. O interesado declara como execución no exercicio 2022, ano de maior execución, un importe de 66.603,9, claramente inferior ao esixido.

Ha de terse presente que a referencia aos tres últimos anos que contén a Ley, non faculta ao licitador para rebaixar o importe mínimo establecido nos pregos reitores da contratación, senón que amplía o horizonte temporal ao ano de maior execución, co obxecto de que o licitador poida valerse de experiencia máis antiga para acreditar a súa solvencia, de feito, en tempos de crise se permitiu acreditar a solvencia técnica nun horizonte temporal maior (exemplo os cinco anos contemplados polo artigo 78.1.a do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público)

E) Principios de proporcionalidade, concorrencia, interese público e falta de motivación.

O recorrente no fundamento quinto e sexto fai referencia a principios reitores da contratación pública e da actuación administrativa.

Folga dicir que, en efecto o artigo 103 da Constitución impón explícitamente á Administración que sirva ao interese público, pero que o faga con obxectividade e con

	IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Fecha y Hora	29/01/2026 11:23:50
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Página	28/112





sometemento pleno á ley e ao Dereito. Estos dous límites, xunto con outros non citados explicitamente no precepto, garanten a interdicción da búsqueda do fin sen atender aos medios.

Tanto a obxectividade no actuar da Administración, esixida no artigo 103 da C.E. como a propia LCSP, exclúen a utilización de medios discriminatorios ou xustificadas en razón meramente subxectivas. De igual maneira, aínda que cunha formulación máis ampla, esa prosecución do interese público só poderá materializarse dentro da legalidade, é dicir, con sometemento pleno á ley e ao Dereito. Folga facer mención a doutrina de que os pregos son a lex contratus do procedemento, posto que como se puxo de manifesto con anterioridade que os pregos vinculan tanto á Administración contratante como ao licitador.

A adxudicación do contrato a favor dun licitador que non conta coa solvencia mínima esixida ademáis de vulnerar a LCSP e o prego reitor da contratación atentaría co principio de libre concorrência, e de igualdade de trato.

F) Respecto da notificación.

O recorrente no fundamento sétimo alega defecto sustancial da notificación por omisión dos recursos procedentes, dita alegación carece de fundamento dende o momento en que obra no expediente a notificación cursada o 08 de xaneiro de 2026, na que se consta literalmente:

“O que lle notifico, para o seu coñecemento e efectos oportunos, significándolle que, de acordo co disposto no artigo 44.1 letra a, da LCSP, a contratación das prestacións referidas na modalidade de contrato administrativo de servizos, con valor estimado superior a 100.000 euros, é susceptible de recurso especial en materia de contratación, en concreto, o acordo de adxudicación (artigo 44.2 letra c).

A iniciación do procedemento para a interposición do recurso especial en materia de contratación está prevista no artigo 50 da LCSP, sendo o prazo de interposición de 10 días hábiles, contados dende o día seguinte a aquel en que se notificara a adxudicación aos candidatos ou licitadores que tiveran sido admitidos no procedemento, de conformidade co Artículo 58 do Real Decreto Lei 36/2020.O Recurso especial en materia de contratación interpoñerase ante o Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais da Deputación de Lugo, con enderezo en <https://tarclu.deputacionlugo.org>.

O Tribunal ten a súa sede en Lugo e está incluído no ámbito do Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Lugo para as funcións de rexistro que precise. O recurso especial en materia de contratación interpoñerase ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, con enderezo en

	IV7QGELIXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Fecha y Hora	29/01/2026 11:23:50	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGELIXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Página	29/112	

<https://tacgal.xunta.gal/>, dentro do prazo de quince días hábiles computados segundo o fixado no artigo 50 da LCSP.

O Tribunal ten a súa sede en Santiago de Compostela e está incluído no ámbito do Rexistro Xeral da Xunta de Galicia para as funcións de rexistro que precise.”

Entre os principais defectos de notificación que poden ser invalidantes segundo a xurisprudencia podemos citar, a modo de exemplo, aquel que se discute neste recurso, cal é a falta de indicación do pe de recurso. Pois ben, co propósito de contrarrestar tamen as rigurosas esixencias previstas no ordenamento xurídico para a práctica deste trámite fundamental, a xurisprudencia atende ao espírito da norma. Así a Sentenza do Tribunal Supremo do 12 de abril do 2007 conclúe o seguinte:

«Ha de recordarse, ante todo, que esta Sala, en cuanto a la forma de realizar las notificaciones, viene declarando que no puede elevarse a rito lo que no es más que un requisito formal de garantía no determinante de nulidad, cuando se trata de una omisión intrascendente, en cuanto la realidad acredita el conocimiento por el destinatario del contenido del acto y de todas las exigencias para su impugnación desde el momento de la notificación (sentencia de 10 de febrero de 1998 [R] 1998, 2200], que recuerda las sentencias de 7 de abril [R] 1989, 3159] y 16 de mayo de 1989 [R] 1989, 4013]). El rigor procedimental no tiene su razón de ser en un exagerado formulismo, sino en constituir una pieza clave para la proscripción de la indefensión y la garantía del derecho a la tutela judicial efectiva que consagra el art. 24 de la Constitución Española (RCL 1978, 2836). Cumplidas estas elementales exigencias, es indudable la apreciación del principio antiformalista, así como el principio general de la buena fe, para impedir que el administrado, con su conducta, pueda enervar la eficacia de los actos administrativos (Sentencia de 25 de febrero de 1998 [R] 1998, 1831])».

Esta interpretación xurisprudencial concorda co fin perseguido polo lexislador, plasmado primordialmente no artigo 40.3 da LPACAP, coa seguinte redacción:

«Las notificaciones que, conteniendo el texto íntegro del acto, omitiesen alguno de los demás requisitos previstos en el apartado anterior, surtirán efecto a partir de la fecha en que el interesado realice actuaciones que supongan el conocimiento del contenido y alcance de la resolución o acto objeto de la notificación, o interponga cualquier recurso que proceda».

En virtude de canto antecede podemos concluir que a notificación é un acto esencial en todo procedemento, se ben, a pesar desta natureza, tendo en conta que a notificación foi practicada co texto íntegro e non se omitiu o pé de recurso, posto que como xa se dixo consta na páxina 7, non cabe colexir que se produce indefensión alguna posto que o interesado interpón o recurso procedente en tempo e forma ante o órgano competente para a súa resolución.

A maior abundamento no anuncio de adxudicación publicado na plataforma de contratación do sector público, tamén consta que a presentación de recursos se fará ante o Tribunal Administrativo de recursos contractuais da Deputación Provincial de Lugo, figurando en dito anuncio a dirección electrónica e postal de dito órgano.

2.- Respecto da solicitude de suspensión.

	IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Fecha y Hora	29/01/2026 11:23:50
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Página	30/112





Entendemos o tribunal decidirá sobre a dita medida cautelar no exercicio das súas competencias manténdose a suspensión que opera ope legis ata que se produza dito pronunciamento expreso.

3.- Por tanto, proponse a Xunta de Goberno a asunción do presente se así o estima oportuno, como informe do órgano de contratación concluíndo:

1º.-Que procede desestimar o recurso na súa totalidade, polos fundamentos que se expresan no corpo deste informe.

2º.- Dar traslado do presente como informe do órgano de contratación reclamado polo TARCLU , xunto co resto do expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS 2026-2028 E DO ANEXO I DE ACTUACÍONS ESPECÍFICAS E CRÉDITOS INICIALMENTE DISPOÑIBLES PARA O ANO 2026.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Asunto: Aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións (Plan Plurianual 2026-2028) e do Anexo I de actuación e créditos inicialmente dispoñibles para o ano 2026.

Antecedentes de feito.

Primeiro.- A Xunta de Goberno acordou, en sesión celebrada o día 20 de xaneiro de 2023 acordou aprobar o Plan Estratéxico de Subvencións 2023-2025 da Deputación Provincial de Lugo.

Segundo.- O 30 de decembro de 2025 aprobouse definitivamente o Orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2026 (e se publicou o 31 de decembro de 2025 no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP núm. 299). No orzamento inclúense as actuacións e os créditos inicialmente dispoñibles para a concesión de premios e subvencións para o ano 2026.

	IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y		Fecha y Hora	29/01/2026 11:23:50	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y		Página	31/112	

Terceiro.- Consta providencia da Presidenta de que se tramite, a través da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, a elaboración e tramitación dun Plan Estratéxico de Subvencións (P.E.S.) para o período 2026-2028, xunto co Anexo I, no que consten as actuacións específicas e os créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2026 en concordancia co recollido no orzamento do ano 2026.

Consideracións xurídico- administrativas.

Primeira.- No artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establécese que “1. Son competencias propias da Deputación ou entidade equivalente as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso, as seguintes (...) d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

Segunda.- O artigo 8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (en adiante LXS) obriga aos órganos das Administracións Públicas a concretar, con carácter previo á tramitación de subvencións, nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden ca súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

Este artigo foi desenvolvido polo Regulamento da lei xeral de subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (no sucesivo RLXS), onde se establece, nos seus artigos 10 a 15, cales deben ser os principios reitores, o ámbito e contido dos plans estratéxicos, así como a competencia para a súa aprobación, seguimento dos mesmos e efectos do seu incumprimento.

Será realizada por parte do centro xestor, que verificará a xustificación do cumprimento das condicións impostas, e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión por parte dos beneficiarios ou das entidades colaboradoras, a través da conta xustificativa, cuxa forma e prazos de rendición virán determinados polas correspondentes bases das convocatorias das subvencións e/ou convenios canalizadores.

Indicadores.

Utilizaranse os indicadores xerais recollidos no punto 3.4 do PES.

Actuacións específicas.

Indicadas no Anexo I (Actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles), que se aprobará e incorporará a modo de actualización en cada unha das anualidades que abrangue este Plan.

Beneficiarios.

Verán determinados nas bases de convocatoria e/ou convenios canalizadores.

13. Na Área do Medio Rural e do Mar e Mocidade.

Liña 13.1 –Agricultura, Gandería e Pesca.

Centro xestor.

Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Obxectivo estratéxico.

Contribuír á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, a través da promoción do desenvolvemento dos sectores agrícola, gandeiro e pesqueiro, como sectores estratéxicos da economía da provincia, pois son xeradores de oportunidades de emprego que redundan na fixación de poboación nas zonas rurais.

A transformación, comercialización, promoción é posta en valor dos produtos do sector primario, con calidade diferenciada debe ser un dos obxectivos estratéxicos da área.

O fin último é o de propiciar as condicións óptimas para que se produza unha fixación real de poboación no noso rural. Por tanto, fomentarse a implantación de políticas reais de desenvolvemento rural nas que os/as propios/as veciños/as nos trasladen as súas demandas e necesidades, de xeito que poidan emprender un xeito de vida digno e sostible no tempo desde un punto de vista social, económico e medio ambiental.

	IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Fecha y Hora	29/01/2026 11:23:50
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Página	66/112





Crearánse as condicións necesarias no noso rural para que ese asentamento ou incorporación de xente nova á actividade agrogandeira poida ser sostible no tempo.

Obxectivos específicos.

Execución de obras, equipamentos, investimentos, proxectos, programas, actividades e/ou actuacións que teñan algunha das seguintes finalidades:

Mellora da competitividade das granxas e explotacións agrogandeiras e pesqueiras, dos seus produtos e dos seus respectivos transformados ou elaborados

1) Mellora da estrutura das explotacións nos sectores afectados, a través do apoio ás inversións para a súa modernización e á incorporación das novas tecnoloxías ás mesmas, de cara á mellora das rendas e das condicións de traballo, e de calquera actuacións que redunden nunha maior viabilidade daquelas e no peche dos ciclos produtivos.

2) Promoción da innovación tecnolóxica e mellora da calidade e seguridade dos produtos agroalimentarios mediante o establecemento de sistemas de certificación da mesma e da trazabilidade da cadea alimentaria ou na introdución nas melloras de etiquetado e envasado destes produtos.

3) Incremento da dimensión territorial das explotacións e fomento das interrelacións mutuas, o que deriva no apoio ás actividades das asociacións e cooperativas na prestación de servizos ás explotacións, como o asesoramento en manexo, alimentación, reprodución, e sanidade animal e vexetal; o abastecemento de insumos e a comercialización de produtos, de maquinaria, de asesoramento e de substitución; así como ao establecemento de relacións estables entre produtores e industrias por medio de accións de interese común.

4) Fomento das producións de calidade, en especial as ligadas á orixe ou ao modo de produción, o que contribuirá á consolidación das producións básicas (carne, leite, viño, produtos da horta, etc...) e os seus transformados (queixo, iogur, licores ou bebidas embotelladas, produtos elaborados de cuarta gama, etc...).

5) Promoción e posta en valor dos nosos produtos agrícolas, gandeiros e do mar.

6) Oferta de acceso á formación continua e á potenciación dos cursos innovadores nas profesións dos amentados sectores, que sexan froito da planificación conxunta entre empresas, asociacións, cooperativas, entidades e a Deputación, a través de distintos métodos, e sen esquecer a relevante aportación que aos mesmos poden facer os traballadores de idade avanzada, con ampla experiencia nas distintas ocupacións. Poñeráse a disposición dos agricultores/as e gandeiros/as as ferramentas necesarias para a súa formación, como base fundamental e indispensable para a profesionalización de sectores estratéxicos como a gandería extensiva (ovino e cabrún).

	IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Fecha y Hora	29/01/2026 11:23:50
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Página	67/112



7) A educación e a concienciación é outro aspecto fundamental. Coa promoción de accións encamiñadas a que os mozos/as do rural adquiran unha maior autoestima, preténdese inverter a idea que teñen que marchar e escapar do fogar rural familiar. A maior parte da sociedade entendía o rural como un espazo ao que ir na fin de semana que conserva valores tradicionais e naturais moi importantes. Pero por desgraza, a visión actual dos espazos rurais é negativa e problemática e temos que tender a mudala antes que sexa demasiado tarde.

Programas de visitas guiadas desde os centros escolares ata as granxas permitirán dignificar e poñer en valor o traballo dos nosos/as agricultores/as con visitas guiadas dos rapaces das escolas para que poidan coñecer o papel fundamental que teñen para o mantemento da biodiversidade, do territorio, da paisaxe e da tradición agraria como elemento identitario da nosa cultura. Temos que alonxar o estigma social da baixa autoestima que os propios agricultores/as e gandeiros/as lle transmiten ás xeracións vindeiras.

Apoio á sustentabilidade, diversificación e multifuncionalidade dos sectores agrario, gandeiro e pesqueiro

1) Fomento da diversificación produtiva e promoción e difusión das pequenas producións agrarias artesanais e/ou tradicionais que permitan xerar ingresos por rendas complementarias ao fronte das granxas.

2) Creación dunha plataforma de promoción e apoio aos pequenos/as agricultores/as e gandeiros/as locais que poidan ofrecer os seus produtos agroalimentarios e artesanais de excelente calidade diferenciada e contrastada directamente ao consumidor final con todas as garantías sanitarias, como punto de partida para xerar un valor engadido que asegure unha renda xusta e digna polo seu traballo. Igualmente estableceremos convenios de apoio á promoción destes alimentos diferenciados.

3) Axudas á posta en valor, recuperación e difusión das feiras e mercados tradicionais coa posta en valor das canais curtas de distribución e dos mercados locais que permitan distribuír e vender estas pequenas producións locais entre estes grupos de consumo próximo, co fin de reducir a pegada de carbono e que sexan sostibles no tempo.

4) Apoio á xeración dos valores públicos creados pola actividade agraria, por medio do establecemento de contratos de agricultura sustentable baseados en compromisos ambientais, territoriais e sociais das explotacións implicadas, e do fomento da produción ecolóxica.

5) Fomento da concienciación ambiental e a agricultura, gandería e pesca sustentables.

6) Protección e desenvolvemento dos recursos marítimo-pesqueiros, no marco dun sector pesqueiro sustentable e do fomento da economía circular.

7) Contribución de xeito sustentable á mellora da xestión ou conservación dos recursos pesqueiros.

8) Fomento da diversificación produtiva e promoción e difusión das pequenas producións dos nosos montes: apicultura, setas e cogumelos, aproveitamentos resinosos, madeira, aproveitamento silvopastoril con gandería extensiva: cabalar, vacún, ovina, cabrúa, porcina, etc...

	IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Fecha y Hora	29/01/2026 11:23:50
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Página	68/112





9) Fomento do desenvolvemento sustentable das zonas pesqueiras, a través do apoio a proxectos de pesca-turismo (reconversión de barcos, promoción turística da pesca de baixura, etc.), ao estudio e posta en funcionamento de reservas mariñas, elaboración de plans conxuntos de xestión e comercialización e á calquera tipo de actividades que redunden na concienciación medioambiental.

10) O respecto medioambiental e polo entorno que nos rodea no ámbito rural tamén nos conduce a establecer programas de colaboración cos concellos da provincia para a posta en marcha plans e proxectos que incidan no respecto e posta en valor do noso patrimonio natural e histórico como motor de outros sectores como o turístico e que permiten incidir na fixación de poboación no rural. Proxectos como os composteiros mancomunados permiten fomentar as bases de economía circular e pechar o ciclo de residuos como as podas e restos vexetais da limpeza de áreas verdes, que deste xeito voltan a ser reutilizados ao introducilos no ciclo de vida como fertilizantes agrarios. Promoción da diversificación económica, da rehabilitación e consolidación dos amentados sectores, e da mellora da calidade de vida nas zonas rurais.

1) Redución ou minimización dos problemas da crise demográfica existentes en grande parte do territorio rural da provincia, e que están ligados ás limitacións na xeración de valor pola agricultura, a gandería e a pesca, e que precisan dunha diversificación e xeración de novas actividades nestas zonas, que melloren a calidade e condicións de vida nas mesmas.

2) Impulso de programas para a creación de bancos de explotacións agrarias e bancos de casas en venta ou aluguer nos concellos con peores condicións demográficas da provincia de Lugo, que permita poñer en coñecemento dos/as interesados/as, as diferentes opcións que dispoñen para instalarse e/ou asentarse coas súas respectivas familias.

3) Ampliación dos produtos e servizos existentes no mercado, fomentando a diversificación da produción, a recuperación de razas e produtos tradicionais, e a potenciación dos produtos autóctonos a través dos consellos reguladores e as denominacións de orixe, contribuíndo deste xeito á mellora do posicionamento no mercado dos produtos con distintivo de calidade.

4) Desenvolvemento de vínculos entre o mundo do traballo, a educación e a formación (a través de ciclos de conferencias ou visitas guiadas en centros educativos, asociacións veciñais e asociacións empresariais, entre outros), o que garantirá a incorporación de novos agricultores, gandeiros e pescadores, e o relevo xeracional.

5) Promoción de actuacións experimentais, en escolas obradoiro e casas de oficios, en actividades de utilidade pública e interese social, especialmente nas que contribúan a rehabilitar as profesións dos sectores agrario, gandeiro e pesqueiro.

	IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Fecha y Hora	29/01/2026 11:23:50	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Página	69/112	

6) Xeración de alternativas ao abandono da actividade nos devanditos sectores, fomentando o asociacionismo, as novas vías de comercialización dos produtos e calquera actuación que redunde naquel obxectivo e na promoción do relevo xeracional, que se levará a cabo, entre outros, a través do apoio a programas de instalación dos mozos.

7) Apoio ás accións formativas específicas das profesións relacionadas cos sectores citados, que contribúan á consolidación dos mesmos e á profesionalización dos seus membros.

8) Mellora dos servizos, equipamentos, instalacións e estruturas vencelladas ao ámbito rural: comunicacións por estrada, redes de abastecemento, conexión de datos e información, etc.

Mellora da xestión das terras por medio da ordenación de usos, a redución das abandonadas e a ampliación da dimensión territorial das explotacións

1) A ordenación do territorio é unha materia pendente. Son imprescindibles programas de mantemento da superficie agraria útil e recuperación de zonas de monte abandonadas ou improdutivas, con axudas para o fomento de desbroce ou xestión sostible con especies leñosas autóctonas, labores de pastoreo, aproveitamento silvopastoril ou similares que reduzan ao mínimo os riscos de lumes a causa da elevada biomasa por abandono dos nosos montes.

2) Faise necesario tamén o apoio directo ás comunidades de montes veciñais en man común, xa que os montes veciñais en man común son unha oportunidade de desenvolvemento. Resulta chocante que nun país onde o 23% do territorio é comunal, a porcentaxe de persoas que saben como funcionan as comunidades de montes é ínfima. Queremos emprender un plan de formación e información para contrarrestar esta tendencia.

3) Apoio á planificación e xestión ordenada dos usos e actividades no rural, e aos sistemas de certificación; e da mellora destas superficies a través de distintos mecanismos, como a recuperación de terreos abandonados, ou o apoio a asociacións para a súa xestión en común, todo o cal contribuirá á superación do minifundismo e a evitar o abandono, en parte, da superficie.

4) Promoción da mobilidade produtiva das terras agrarias a través do fomento dos arrendamentos rústicos como xeito de promover a ampliación da superficie das explotacións e a transferencia produtiva das terras, e da constitución de Bancos ou Fondos Públicos de terras nos concellos.

5) Fomento do aproveitamento enerxético das terras agrarias a través da promoción de cultivos enerxéticos que deriven nunha nova utilización daquelas.

6) Redución do risco de incendios por medio de accións que promovan unha maior utilización do monte, coa realización de labores de prevención e infraestruturas de defensa, tales como as franxas de protección; así como mediante o establecemento de sistemas por combinación de producións.

Prazo de execución.

Con carácter xeral, será dentro do exercicio económico con cargo ao que foi concedida a subvención podendo ser ampliado por razóns de necesidade e adecuación á actividade ou actuación a subvencionar.

O prazo de execución será o establecido nas bases da concorrência ou no convenio canalizador.

	IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Fecha y Hora	29/01/2026 11:23:50
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Página	70/112





Custos económicos.

Os previstos nas aplicacións do orzamento vixente en cada anualidade, e que se correspondan con esta liña de subvención.

Estarase ao disposto no Anexo I de actuacións e créditos inicialmente dispoñibles que se incorporara ao presente PES cada anualidade trala aprobación do Orzamento Provincial.

Fontes de financiamento.

Dependerá dos recursos dispoñibles en cada momento.

Procedemento de concesión.

O procedemento de concesión será a través das modalidades de subvención recollidas no punto 3.2 do PES.

Plan de acción.

Realizarase mediante as correspondentes bases de convocatoria e/ou convenios específicos para cada unha das actuacións específicas de subvención que a canalicen.

Seguimento e avaliación.

Será realizada por parte do centro xestor, que verificará a xustificación do cumprimento das condicións impostas, e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión por parte dos beneficiarios ou das entidades colaboradoras, a través da conta xustificativa, cuxa forma e prazos de rendición virán determinados polas correspondentes bases das convocatorias das subvencións e/ou convenios canalizadores.

Indicadores.

Utilizaranse os indicadores xerais recollidos no punto 3.4 do PES.

Actuacións específicas.

Indicadas no Anexo I (Actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles), que se aprobará e incorporará a modo de actualización en cada unha das anualidades que abrangue este Plan.

Beneficiarios.

Verán determinados nas bases de convocatoria e/ou convenios canalizadores.

Liña 13.2 –Mocidade.

Centro xestor.

Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Obxectivo estratéxico.

Contribuír ao libre desenvolvemento da personalidade dos e as mozas da provincia, a través da promoción da súa autonomía, da dinamización e apoio ao seu asociacionismo, do favorecemento do seu acceso á formación, á información e á

	IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Fecha y Hora	29/01/2026 11:23:50	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Página	71/112	

orientación en tódolos ámbitos e a tódalas idades, especialmente no que aos e as mozas do medio rural se refire, incidindo nos colectivos máis desfavorecidos.

Fomento dos hábitos de vida saudables, entendendo a saúde como o benestar físico, moral e intelectual das persoas, incidindo no aproveitamento óptimo dos recursos públicos destinados á mocidade e garantindo a dispoñibilidade de recursos e oportunidades mediante axudas para o apoio e colaboración no gasto corrente e nos investimentos.

Obxectivos específicos.

- 1) Contribuír ao desenvolvemento social da provincia.
- 2) Impulsar proxectos integrados para aumentar e mellorar o capital humano a través dunha mellor educación e adquisición de competencias, impulsando a difusión de coñecementos prácticos en materia de tecnoloxías da información, así como a loita contra o abandono escolar prematuro.
- 3) Favorecer o éxito escolar e potenciar tanto a atención á diversidade do alumnado como a integración do mesmo, con un plan integral que teña en conta as diferenzas por centros segundo a súa localización (por exemplo, colaborar con centros educativos do rural en todo ao que facilitar o acceso aos centros de ensinanza se refire, potenciar as clases de reforzo escolar e de integración dos colectivos menos favorecidos, etc.).
- 4) Fomentar a educación en valores, convocando anualmente premios ou axudas a proxectos educativos (por exemplo, aos mellores currículos en zonas rurais, premios á educación viaria ou axudas a proxectos de educación ambiental, buscando a colaboración das principais entidades e empresas da provincia).
- 5) Promover e organizar cursos de idiomas e novas tecnoloxías da información das áreas menos favorecidas, en colaboración coas escolas oficiais de idiomas ou coa Universidade. Impartir cursos de idiomas utilizando a colaboración dos centros educativos da comarca, amoldados á poboación de cada zona.
- 6) Promover encontros de orientadores educativos e laborais nas escolas para mellorar as estratexias de actuación que orienten aos máis novos nas súas decisións formativas e profesionais, especialmente no medio rural, potenciando a posta en valor das explotacións agrarias, gandeiras e forestais.
- 7) Desenvolver vínculos entre o mundo do traballo, a educación, a formación e a investigación (tales como ciclos de conferencias en centros educativos, centros universitarios, asociacións veciñais e asociacións empresariais sobre coñecemento mutuo, froito do cal podería concluírse un novo plan de formación máis adaptado ás necesidades reais da mocidade).
- 8) Previr posibles situacións de desprotección e promover a participación e a autonomía dos mozos e das mozas.
- 9) Protección da seguridade viaria e de aceso da mocidade, tanto individual como colectiva.
- 10) Apoio a aquelas entidades e asociacións que realicen actividades, programas e actuacións destinadas ao desenvolvemento persoal dos mozos, como parte importante do futuro da sociedade, articulando axudas destinadas a atender as súas necesidades concretas de formación e ocio.
- 11) Apoio de todas aquelas actividades e programas que potencien o asociacionismo, a formación e a actividade xuvenil.

	IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Fecha y Hora	29/01/2026 11:23:50	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Página	72/112	



12) Fortalecer as accións locais aproveitando os recursos humanos e as capacidades e habilidades que pode achegar a poboación xuvenil.

13) Contribuír á seguranza das crianzas no ámbito escolar, especialmente nos desprazamentos peonís do alumnado dende os seus domicilios ata os centros escolares e á inversa, a través da redución ou eliminación da presenza de vehículos privados no acceso aos centros educativos (establecemento de modelos de cidades e de espazos en harmonía coas persoas, impulsar valores de respecto entre peóns e condutores, creación de sendeiros seguros no desprazamento peonil do alumnado e das súas familias, concienciación e sensibilización no uso cívico das infraestruturas, etc.).

14) Apoio á creación de novos espazos de lecer para a mocidade e á adaptación e mellora dos existentes.

15) Fomento de programas e actividades en valores, que sensibilicen contra as violencias e as desigualdades, ademais de demandar e promover unha educación sexual de calidade, que teña en conta a diversidade sexual, e de respecto polas minorías e de defensa das persoas con discapacidades.

Prazo de execución.

Con carácter xeral, será dentro do exercicio económico con cargo ao que foi concedida a subvención podendo ser ampliado por razóns de necesidade e adecuación á actividade ou actuación a subvencionar.

O prazo de execución será o establecido nas bases da concorrência ou no convenio canalizador.

Custos económicos.

Os previstos nas aplicacións do orzamento vixente en cada anualidade, e que se correspondan con esta liña de subvención.

Estarase ao disposto no Anexo I de actuacións e créditos inicialmente dispoñibles que se incorporara ao presente PES cada anualidade trala aprobación do Orzamento Provincial.

Fontes de financiamento.

Dependerá dos recursos dispoñibles en cada momento.

Procedemento de concesión.

O procedemento de concesión será a través das modalidades de subvención recollidas no punto 3.2 do PES.

Plan de acción.

Realizarase mediante as correspondentes bases de convocatoria e/ou convenios específicos para cada unha das actuacións específicas de subvención que a canalicen.

Seguimento e avaliación.

	IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Fecha y Hora	29/01/2026 11:23:50	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Página	73/112	

Será realizada por parte do centro xestor, que verificará a xustificación do cumprimento das condicións impostas, e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión por parte dos beneficiarios ou das entidades colaboradoras, a través da conta xustificativa, cuxa forma e prazos de rendición virán determinados polas correspondentes bases das convocatorias das subvencións e/ou convenios canalizadores.

Indicadores.

Utilizaranse os indicadores xerais recollidos no punto 3.4 do PES.

Actuacións específicas.

Indicadas no Anexo I (Actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles), que se aprobará e incorporará a modo de actualización en cada unha das anualidades que abrangue este Plan.

Beneficiarios.

Verán determinados nas bases de convocatoria e/ou convenios canalizadores.

14. Na Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística

Liña 14.1- Cultura.

Centro xestor.

Servizo de Cultura.

Obxectivo estratéxico.

Satisfacer as demandas culturais do conxunto da cidadanía e a potenciación e conservación da cultura en todas as súas vertentes.

Obxectivos específicos.

- 1) Apoiar as entidades culturais da provincia, que son referente na integración social e na difusión cultural e de recuperación de tradicións.
- 2) Axudar ao desenvolvemento de actividades de interese cultural de carácter permanente e puntual.
- 3) O aumento da participación da mocidade nas actividades culturais e no asociacionismo de carácter cultural: fomento da relación interxeneracional.
- 4) Conservar e potenciar o coñecemento do patrimonio material e inmaterial de Galiza, a súa historia, idioma, música e tradicións como eixe das actividades culturais da provincia.
- 5) Consolidar itinerarios culturais.
- 6) Desenvolver as actividades culturais nos concellos e noutras Administracións Públicas nas mellores condicións e cos medios materiais axeitados.
- 7) Promover a organización de actividades e eventos culturais.
- 8) Fomentar a participación do cidadán nas actividades culturais e no tecido asociativo de carácter cultural.
- 9) Acadar unha potenciación do patrimonio material e inmaterial de Galiza, a súa historia, idioma, música e tradicións como eixo das actividades culturais da provincia.
- 10) Desenvolver actuacións que permitan a accesibilidade da poboación ás actividades culturais con carácter continuado.
- 11) Acadar unha maior participación e implicación da poboación na actividade cultural co obxecto de transmitir ás vindeiras xeracións os usos, costumes e tradicións devanceiras.
- 12) Desenvolver actuacións que permitan a dotación e mellora de equipamentos culturais, a adquisición, a construción, a mellora, o acondicionamento ou a reforma

	IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Fecha y Hora	29/01/2026 11:23:50
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Página	74/112





das instalacións culturais das entidades, asociacións e institucións de carácter cultural.

13) Posibilitar a realización das actividades culturais co maior grao de calidade posible e cos medios materiais axeitados.

14) Desenvolver actuacións que permitan a recuperación do patrimonio histórico-artístico da provincia, cuxos efectos a perseguir sexan a conservación, reparación ou mantemento do mencionado patrimonio.

15) Fomentar a especialización e a formación práctica no eido da cultura.

16) Promover o apoio a actividades de estudo e de ensinanzas universitarias ou de fomento da cultural que precisan de continuidade no tempo para o seu desenvolvemento.

17) Promover á poboación no acceso a cultura e ao ensino.

Prazo de execución.

Con carácter xeral, será dentro do exercicio económico con cargo ao que foi concedida a subvención podendo ser ampliado por razóns de necesidade e adecuación á actividade ou actuación a subvencionar.

O prazo de execución será o establecido nas bases da concorrência ou no convenio canalizador.

Custos económicos.

Os previstos nas aplicacións do orzamento vixente en cada anualidade, e que se correspondan con esta liña de subvención.

Estarase ao disposto no Anexo I de actuacións e créditos inicialmente dispoñibles que se incorporara ao presente PES cada anualidade trala aprobación do Orzamento Provincial.

Fontes de financiamento.

Dependerá dos recursos dispoñibles en cada momento.

Procedemento de concesión.

O procedemento de concesión será a través das modalidades de subvención recollidas no punto 3.2 do PES.

Plan de acción.

Realizarase mediante as correspondentes bases de convocatoria e/ou convenios específicos para cada unha das actuacións específicas de subvención que a canalicen.

Seguimento e avaliación.

Será realizada por parte do centro xestor, que verificará a xustificación do cumprimento das condicións impostas, e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión por parte dos beneficiarios ou das entidades colaboradoras, a través da conta xustificativa, cuxa forma e prazos de rendición virán determinados

	IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Fecha y Hora	29/01/2026 11:23:50
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Página	75/112



polas correspondentes bases das convocatorias das subvencións e/ou convenios canalizadores.

Indicadores.

Utilizaranse os indicadores xerais recollidos no punto 3.4 do PES.

Actuacións específicas.

Indicadas no Anexo I (Actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles), que se aprobará e incorporará a modo de actualización en cada unha das anualidades que abrangue este Plan.

Beneficiarios.

Verán determinados nas bases de convocatoria e/ou convenios canalizadores.

4.3 Réxime de seguimento e avaliación.

Para realizar o seguimento e avaliación do plan, os servizos ou unidades xestoras provinciais deberán remitirle ao Servizo de Contratación e Fomento, dentro do primeiro trimestre do exercicio seguinte ao da execución da anualidade do plan, en todo canto proceda, memoria xustificativa coas seguintes especificacións:

1. Por cada unha das actuacións de fomento convocadas, os seguintes indicadores de seguimento:- Nº de solicitudes recibidas.

Nº de subvencións concedidas

Nº de subvencións xustificadas

Nº de renuncias recibidas

Nº de subvencións reintegradas ou en procedemento de reintegro

2. Conclusións ou valoración global das actuacións de fomento convocadas no seu ámbito de intervención:

Nº total de actuacións de fomento convocadas

Custos totais efectivos en relación aos previsibles

Nº de subvencións en concorrencia competitiva

Importe das subvencións concedidas en concorrencia competitiva

Nº de subvencións de asignación directa

Importe das subvencións concedidas por asignación directa

Obxectivos estratéxicos do Plan de actuación a cuxa consecución contribúe

Cumprimento da igualdade efectiva de mulleres e homes

3. Impacto e efectos das liñas de actuación convocadas:

Contribución para os efectos esperados para cada obxectivo estratéxico do Plan de actuación

Medición dos indicadores específicos establecidos para cada obxectivo estratéxico en función dos efectos esperados

4. No que respecta ao seu ámbito de actuación, suxestións para a elaboración do seguinte Plan estratéxico de subvencións (propostas de mellora, modificación, substitución ou supresión dalgunha actividade de fomento).

Os obxectivos do seguimento e avaliación do PES/DAC céntranse polo tanto en:

Modificar, actualizar ou suprimir as actuacións de fomento que puideran ter perdido a súa vixencia ou que non sexan eficaces para o cumprimento dos obxectivos pretendidos.

Actualizar os importes das que se manteñan en base aos orzamentos anuais aprobados.

	IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Fecha y Hora	29/01/2026 11:23:50
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Página	76/112





Incluír novas liñas de actuación que se consideren necesarias debido á detección de novas necesidades que, en todo caso, estean orientadas á consecución dos obxectivos previamente establecidos.

Derivado das accións de seguimento realizadas polos diferentes servizos xestores, antes do 30 de abril de cada ano, o servizo de Contratación e Fomento remitiralle á Presidencia o informe xeral de avaliación do PES do ano correspondente, que deberá conter o resumo do seguimento e avaliación dos indicadores, así como a indicación das modificacións e actualizacións oportunas.

Os resultados dos controis financeiros efectuados tamén se terán en conta para valorar a execución global do PES.

Segundo o xa indicado, de conformidade co disposto na disposición adicional 17ª da LXS, o control e avaliación de resultados derivados da aplicación do PES será realizado pola Intervención Xeral.

5. Vixencia e actualización.

5.1- Vixencia.

Tendo en conta o establecido no artigo 11.4 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións antes mencionado, o presente PES contén previsións para o período dos anos 2026-2028, sen prexuízo de que algunhas das liñas de subvención incluídas no mesmo teñan unha vixencia inferior, tendo en conta que o seu contido debe de ser coherente cos programas plurianuais, e que se axuste ás medidas establecidas para o cumprimento dos obxectivos de política económica e de estabilidade orzamentaria para cada unha das anualidades.

No suposto de que, concluído o amentado período 2026-2028 non estivese aprobado un novo PES, entenderase prorrogado o presente naquelas liñas de actuación que resulten de continuidade por terse iniciado durante a vixencia deste Plan, e contén con consignación orzamentaria adecuada e suficiente.

5.2- Actualización.

En cumprimento do establecido no artigo 14.1 do amentado R.D. 887/2006, anualmente procederase á actualización dos plans incluídos neste PES, de acordo coa información relevante dispoñible, de forma que en cada anualidade, tras analizar os informes de seguimento das anteriores, e tendo sempre en conta as dispoñibilidades orzamentarias, se poidan modificar, substituír por outras ou eliminar liñas de subvencións; e sobre todo, precisar as contías, en función da dispoñibilidade orzamentaria.

Dentro de cada unha das liñas, poderá modificarse ou actualizarse calquera aspecto do seu contido, ben sexa motivado polos resultados obtidos dos informes de

	IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Fecha y Hora	29/01/2026 11:23:50	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Página	77/112	

seguimento sobre a consecución dos obxectivos establecidos ou pola adecuación dos recursos investidos, ou ben por outros motivos debidamente xustificadas. Procurarase, na medida do posible, que tal actualización poida ser aprobada, e en consecuencia que poida entrar en vigor xunto co orzamento de cada anualidade, ao tratarse de dous documentos relacionados.

Os acordos de actualización anual do PES serán adoptados polo mesmo órgano encargado da aprobación do Plan, é dicir, a Xunta de Goberno.

6- Aprobación e publicidade.

6.1- Aprobación.

En canto ao órgano competente para a súa aprobación, así como as súas posibles modificacións será a Xunta de Goberno.

En canto aos acordos de actualización do PES para cada unha das anualidades, serán tamén adoptados pola Xunta de Goberno.

6.2- Publicidade.

Unha vez aprobado polo órgano competente o presente PES, así como as súas actualizacións, darase publicidade das mesmas comunicando aos centros xestores tanto os acordos de aprobación coma o texto íntegro.

Cumprindo cos principios de transparencia e publicidade previstos no artigo 6.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e no artigo 13 do R.D. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Subvencións, este PES, xunto coas súas actualizacións e informes anuais de avaliación serán publicadas na páxina web da Deputación Provincial de Lugo, portal de transparencia, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, aplicándolle calquera outra disposición en materia de información e transparencia establecida na lexislación vixente en cada momento.

7. Determinacións sobre contías das subvencións con cargo a este Plan Estratéxico.

7.1- Importe mínimo na contía da subvención.

O importe mínimo a subvencionar é de 300,00€ para cada actividade ou investimento, co obxecto de que a concesión da subvención xere o efecto multiplicador esperado, evite as renuncias das subvencións por imposibilidade financeira, e resulte eficiente tanto para a Deputación como para os beneficiarios; tendo en conta que unha subvención xera unha actividade administrativa co seu correspondente custo, e ademais unha serie de cargas de deberes e obrigas que debe asumir o beneficiario.

7.2- Fontes e límites no financiamento da actividade ou investimento.

A acción de fomento ven a ser un complemento no financiamento dunha actividade ou investimento, e pola súa natureza, non debe financiar o 100% da actividade ou investimento. Do mesmo xeito que á Administración Pública se lle esixe unha achega de recursos propios nas actividades e investimentos subvencionados, ésta debe esixilos aos seus beneficiarios (corresponsabilidade fiscal).

Polo tanto, debe esixirse ao beneficiario da subvención, que inclúa na súa solicitude unha porcentaxe de recursos propios que se compromete a realizar, en función do gasto total da actividade ou investimento, agás casos excepcionais, que requirirán a correspondente motivación.

	IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Fecha y Hora	29/01/2026 11:23:50
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Página	78/112





Tomarase como orientativo o financiamento do 5% do custo total da actividade, podéndose computar nesa porcentaxe, de forma xustificada, cuantificada e demostrada, a achega de medios materiais propios e man de obra propia da entidade beneficiaria.

No caso de que a acción concreta subvencionada, en calquera das liñas e actuacións deste Plan Estratéxico de Subvencións, conte con fontes de financiamento procedentes doutras administracións públicas ou entidades, públicas ou privadas, en ningún caso, a suma de tales achegas e a propia do beneficiario, superarán o custo total da actividade subvencionada.

En casos excepcionais, de especiais dificultades económicas das persoas ou entidades beneficiarias, como sucede en supostos de cooperación internacional, bolseiros, persoas en situación de exclusión social, agrupacións de persoas sen personalidade xurídica, liñas e accións de marcado carácter social, entre outras, poderá eximirse da obriga de achegar unha porcentaxe de financiamento mínimo con fondos propios.

Como límite xeral, as propostas de establecemento de subvencións supeditáanse ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e aos créditos aprobados no Orzamento Xeral e ás súas modificacións para cada anualidade.

8- Límite na concesión de subvencións excepcionais.

Establécese un límite do 15% na concesión de subvencións con carácter excepcional, sobre a contía inicialmente prevista, para a concesión de subvencións no Plan Estratéxico de Subvención do período 2026-2028. A estes efectos, non se consideran as subvencións plurianuais, nin aquelas cuxo obxecto sexa a execución de investimentos, nin as financiadas por modificacións de crédito e con remanente de Tesourería.

Excepcionalmente, poderase incrementar esta porcentaxe cando existan razóns debidamente xustificadas, de índole humanitario, económico ou social, de tal magnitude que fagan necesario tal aumento, que deberá ser apreciado polo órgano competente para a súa concesión.

9- Calendario de actuacións.

9.1- Calendario de tramitación das subvencións.

Subvencións directas de carácter nominativo:

Procurarase que a tramitación das subvencións se inicie no primeiro trimestre de cada ano sempre que o Orzamento Xeral da Deputación, para a respectiva anualidade, estea aprobado e en vigor.

No caso de que o Orzamento Xeral non se aprobe no primeiro trimestre a tramitación das subvencións procurarase que se inicie no prazo máximo dun mes dende a súa

	IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Fecha y Hora	29/01/2026 11:23:50	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Página	79/112	

aprobación e entrada en vigor. Seguirase o mesmo criterio para aqueles supostos de modificacións do orzamento.

Requirirase ao beneficiario para que, no prazo de dez días, achegue a documentación precisa para iniciar a tramitación da subvención, indicándolle que, de non facelo, considerarase que renuncia á mesma, procedendo ao arquivo do expediente.

Durante o segundo trimestre de cada ano, ou a mais tardar, no segundo mes posterior á aprobación e entrada en vigor do orzamento, procurarase aprobar a concesión da subvención e asinar o correspondente convenio.

En todo caso, estas tramitacións deberían permitir a xustificación destas subvencións dentro dos prazos estipulados.

Subvencións directas de carácter excepcional:

A Concesión realizarase ao longo de cada exercicio, evitando polo menos o derradeiro mes do ano.

Subvencións en réxime de concorrencia competitiva ou non competitiva:

Procurarase que a aprobación e publicación das bases das convocatorias se realice no primeiro trimestre do ano, ou con posterioridade, dentro dos tres meses seguintes á aprobación e vixencia do orzamento, ou das súas modificacións.

Procurarase conceder as subvencións e asinar o correspondente convenio no segundo e terceiro trimestre do ano.

9.2- Calendario para a xustificación de subvencións.

O prazo inicialmente previsto para que o beneficiario remita a conta xustificativa, con carácter xeral, fíxase no primeiro trimestre do ano seguinte ao da súa concesión. Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada por causas excepcionais non imputables ao beneficiario, a través da modificación das bases ou do convenio respectivo, sempre que os mesmos estean vixentes, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

En casos xustificados, e sempre que a normativa orzamentaria o permita, poderá retrasarse puntualmente esa xustificación, especialmente se o retraso procede de tramitacións e/ou autorizacións ante outras entidades e administrativas, e polo tanto, fóra do ámbito da vontade e dispoñibilidade dos beneficiarios.

9.3- Calendario para realizar os anticipos e pagos das subvencións.

Procurarase realizar o pago das subvencións (coa excepción dos anticipos) antes de finalizar o ano seguinte ao da súa concesión.

Cabe a concesión de anticipos, que será concretada nas bases da convocatoria ou nos convenios canalizadores.

Procurarase que a concesión de anticipos se realice en función do estado de execución da actividade subvencionada.

9.4- Calendario para a avaliación do plan estratéxico de subvencións.

Estarase ao disposto no punto 4.3 do Plan.

9.5- Calendario para a execución do obxecto das subvencións.

O prazo inicialmente previsto para que o beneficiario execute o obxecto da subvención fíxase nas bases ou nos respectivos convenios. No caso de investimentos este prazo pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada por causas excepcionais non imputables ao beneficiario, a través da modificación das bases ou do convenio respectivo, sempre que as mesmas estean vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade dos mesmos.

	IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Fecha y Hora	29/01/2026 11:23:50
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Página	80/112





Anexo I.

Actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o ano 2026.

1. Área de Presidencia.

Liña 1.1.- Xeración de riqueza:

Centro xestor: Servizo de Contratación e Fomento- Sección de Fomento.

Subvencións directas nominativas

Orzamento: 116.500,00 €

PERCEPTOR	CONCEPTO	IMPORTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
ASOC FANCINE DE LEMOS	GASTOS FUNCIONAMENTO	5.000,00 €	9250.48900
CÍRCULO DE LAS ARTES	GASTOS FUNCIONAMENTO	6.000,00 €	9250.48900
REAL AERO CLUB	CRITERIUM AERONÁUTICO	10.000,00 €	9250.48900
ASOC TERRITORIO VERDE	FEIRA EN DEFENSA DO GANDEIRO DA MONTAÑA DE CERVANTES	6.000,00 €	9250.48900
FEDERACIÓN DE AAVV DE LUGO LUCUS AUGUSTI	DÍA DO VECIÑO	20.000,00 €	9250.48900
FEDERACIÓN DE AAVV DE LUGO LUCUS AUGUSTI	GASTOS XERAIS DE FUNCIONAMENTO	40.000,00 €	9250.48900
ASOC DE VECINOS COMERCIANTES E INDUSTRIALES DISTRITO MILAGROSA	ACTIVIDADES NO BARRIO DA MILAGROSA	15.000,00 €	9250.48900
COLEGIO OFICIAL DE SECRETARIOS, INTERVENTORES Y DEPOSITARIOS DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DE LUGO	GASTOS DE MANTENIMIENTO	10.000,00 €	9250.48900
COMISARÍA DE POLICÍA EN LUGO M INTERIOR	DÍA DOS ANXOS CUSTODIOS	2.250,00 €	9250.48900
CAJA PAGADORA DE LA COMANDANCIA DE LUGO	DÍA DO PILAR	2.250,00 €	9250.48900
TOTAL		116.500,00 €	

Subvencións directas de carácter excepcional -plurianuais-

Orzamento: 202.356,27 €.

PERCEPTOR	CONCEPTO	IMPORTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
ASOC. JUVENIL Y CULTURAL OS TURULECAS DO INCIO	Danzas da Cervela	3.000,00 €	3340.48900
FUNDACIÓN MANUEL MARÍA DE ESTUDOS GALEGOS	Gastos de xestión e funcionamento	60.000,00 €	3340.48900
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	Lugo Cultural	20.000,00 €	3340.48900
FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA	Feiras do libro da provincia de Lugo	6.000,00 €	3340.48900
ASOC. DE ESCRITORAS E ESCRITORES EN LINGUA GALEGA	Gastos de funcionamento e actividades	20.000,00 €	3340.48900
SOCIEDADE FILARMÓNICA DE MONFORTE	Gastos de funcionamento e actividades	7.000,00 €	3340.48900
FUNDACIÓN UXÍO NOVONEYRA	Gastos de funcionamento e actividades	25.000,00 €	3340.48900
GRUPO FOTO CINEMATOGRAFICO FONMINÁ	Semana do Cine	35.000,00 €	3340.48900
INSTITUTO ESTUDIOS CHAIREGOS PENA DO ENCANTO	Publicación e Actividades	6.000,00 €	3340.48900
ASOC. OF. OUTONO FOTOGRAFICO	PREMIO DE GALICIA DE FOTOGRAFÍA CONTEMPORÁNEA	3.000,00 €	3340.48900
ASOC. CULTURAL AMIGOS DO FOLIÓN	FOLIÓN DE CARROS DE CHANTADA	6.500,00 €	3340.48900
PATRONATO DO MUSEO DO POBO GALEGO	Gastos de funcionamento APOI	15.000,00 €	3340.48900
REAL ACADEMIA GALEGA	Gastos de funcionamento	9.000,00 €	3340.48900
SOCIEDADE FILARMÓNICA DE LUGO	Realización de concertos Tempada 2025	15.000,00 €	3340.48900
ASOC. AS SAN LUCAS	Feiras As San Lucas	30.000,00 €	3340.48900
ASOC. CULTURAL O CASTAÑAZO	Castañazo Rock	15.000,00 €	3340.48900
ASOC. ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL	Premio Mª Luz Morales	2.000,00 €	3340.48900
ASOC. DE AMIGOS DEL JAZZ ESCOBIAJAZZ	Festival de Jazz de Lugo	25.000,00 €	3340.48900
ASOC. CULTURAL CORRELINGUA	Gastos de xestión e actividade	20.000,00 €	3340.48900
Asoc. Sociocultural Mariña patrimonio	Charlas, xornadas, e actividades	6.000,00 €	3340.48900
XERMOLOS	Festival de Pardiñas	20.000,00 €	3340.48900
ASOC. CULTURAL OTEIXEIRO	PANDEIRA 2026. Encontro de tocadoras	4.500,00 €	3340.48900
MESA pola normalización lingüística	Funcionamento e Actividades	15.000,00 €	3340.48900
Asoc. CULTURAL LUGOPATRIMONIO	Gastos de funcionamento e Actividades	8.000,00 €	3340.48900
Asoc. Cultural Cantigas e Frores	Actividade "Feira do 48"	6.000,00 €	3340.48900
ASOC. SOCIO PEDAGÓGICA gALEGA	Funcionamento e Actividades	12.000,00 €	3340.48900
ASOC. PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALICIA	Funcionamento e Actividades	10.000,00 €	3340.48900
Asoc. Sociocultural Feira dos Callos de Parga	Parga Festival Rock no Camiño	8.000,00 €	3340.48900
ASOC. DE DESARROLLO RURAL SERRA DO CAUREL	COUREL SON	3.500,00 €	3340.48900
AGRUPACIÓN FOLKLÓRICA E CULTURAL O Arco da Vella de BARREIROS	Gastos de funcionamento e actividades	5.000,00	3340.48900
Fundación Margarita Ledo Andión-Casa da Galería. CCC (Cinema, Cultura e Comunicación)	Gastos de funcionamento e actividades	6.000,00	3340.48900
ASOC. CULT. BANDA E Escola dA Música de Taboada Xoan Montes	Gastos de funcionamento e actividades	7.000,00	3340.48900
ASOC. CULTURAL Casa da Musica	Gastos de funcionamento e actividades	14.000,00	3340.48900
Asociación Desembarco Normando	Gastos de funcionamento e actividades	6.000,00	3340.48900
ASOCIACIÓN PARA A PROMOCIÓN SOCIAL DOS FERREIROS DE RIOTORTO	ACTIVIDADES E FUNCIONAMENTO	14.000,00 €	3340.48900

	IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Fecha y Hora	29/01/2026 11:23:50
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Página	97/112



PERCEPTOR	CONCEPTO	IMPORTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
FUNDACIÓN VAC-AN	GASTOS DE FUNCIONAMIENTO E ACTIVIDADES	12.000,00 €	3340.48900
ACISA RIBADEO	RIBADEO INDIANO 2026	25.000,00 €	3340.48900
ASOC ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL	PREMIOS MESTRE MATEO	175.000,00 €	3340.48900
TOTAL		865.500,00 €	

PERCEPTOR	CONCEPTO	IMPORTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
FUNDACIÓN UXÍO NOVONEYRA	Rehabilitación sede para usos culturais	15.000,00 €	3340.789
Fundación Margarita Ledo Andión-Casa da Galería. CCC (Cinema, Cultura e Comunicación)	INVESTIMENTOS SEDE	10.000,00 €	3340.789
TOTAL		25.000,00 €	

Subvencións directas de carácter excepcional -plurianuais-
Orzamento: 0,00 €.

Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico.

Dentro destas actuacións aparece no orzamento do 2026 un programa Premios e becas para o estudo e a investigación.

Custo estimado e orzamento dispoñible inicialmente: 409.500,00 €.

20.000,00 € (3340 481).

384.500,00 € (3340 48900).

5.000,00 € (3340 789).

De non estar dotados orzamentariamente os proxectos e actividades desta Liña poderá acudirase aos distintos mecanismos de modificación orzamentaria.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE LICITACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: LUGO.- Subsanación de humidades en diferentes zonas da parte norte do Pazo Provincial de San Marcos.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: LUGO.- Subsanación de humidades en diferentes zonas da parte norte do Pazo Provincial de San Marcos, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada, con CSV: IV7Q4EIIZMMM3ZHLWHYB6IJP42.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7Q5TLKJZ7SXF36VGG6HRU6Y.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7QWWX6MFZJJDNOSMYS6MHPOY.

²Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

	IV7QGELIXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Fecha y Hora	29/01/2026 11:23:50
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGELIXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Página	98/112





4. Acta de Reformulo Previo, incluída como anexo V no proxecto.
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7Q5QBKFEPL3LXKSZVN4DYXJ4.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7QEHKCFDXI3TVMWV5RGNSEII.
7. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7QEHK6FFO3RZJZWQFX5YKAMQ.
8. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: LUGO.- Subsanción de humidades en diferentes zonas da parte norte do Pazo Provincial de San Marcos, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 65.571,32 €, dos cales 11.380,15 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE SOLICITUDE, SE PROCEDE, DE EXTENSIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DOS PROXECTOS INCLUÍDOS NAS AXUDAS CONCEDIDAS POLO MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL E MEMORIA DEMOCRÁTICA DESTINADAS Á TRANSFORMACIÓN DIXITAL E MODERNIZACIÓN DOS SISTEMAS

	IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Fecha y Hora	29/01/2026 11:23:50	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Página	99/112	

DE XESTIÓN DO PADRÓN MUNICIPAL DAS ENTIDADES LOCAIS, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Á vista do informe conxunto do Servizo de Comunicación e TICS e d Sección de Innovación e Participación Cidadá que a teor literal dí:

Antecedentes.

Primeiro.- A Deputación de Lugo resultou beneficiaria das axudas reguladas na Orde TER/1235/2023, do 15 de novembro, pola que se aproban as bases reguladoras e efectúase a convocatoria correspondente a 2023 de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización dos sistemas de xestión do padrón municipal das entidades locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. As subvencións contempladas na devandita Orde destínanse a financiar proxectos destinados á transformación dixital e a modernización do padrón municipal das entidades locais. Os destinatarios das actuacións a realizar son os concellos da provincia de Lugo con poboación inferior a 20.000 habitantes, pero contempla tamén esténdelo a aqueles que superen esta poboación sempre que comuniquen a súa adhesión (disposición adicional cuarta).

Segundo.- A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión ordinaria do 15 de marzo de 2025, acorda concorrer a estas axudas presentando un proxecto aliñado coa actividade 1. O Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática, en resolución de 17 de Xullo de 2024, aproba o proxecto presentado e ofrece unha axuda para levalo a cabo de 1.260.000 euros (IVE engadido).

Terceiro.- A Deputación de Lugo con data 10 de decembro de 2024 asinase convenio de colaboración con cada un dos 67 concellos da provincia de Lugo que queren participar no proxecto e que serán os beneficiarios finais dos traballos realizados no presente contrato, incluíndo o concello de Lugo o único maior de 20.000 habitantes que se acolle ao programa ao amparo da disposición adicional cuarta da Orde.

Cuarto.- A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión ordinaria do 24 de xaneiro de 2025, aproba os pregos técnicos e de cláusulas administrativas que rexerán a contratación dos servizos obxecto desta subvención, aprobando desta forma a licitación dos traballos no expediente de contratación 2024/CON_02/000098. Resultando adxudicataria a empresa Espublico, Servicios para la Administración, en sesión ordinaria da Xunta de Goberno de día 11 de abril de 2025, asinando o contrato o 13 de maio de 2025 e iniciando os traballos o 20 de maio de 2025 cunha duración estimada de 7 meses a contar dende esta última data.

	IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Fecha y Hora	29/01/2026 11:23:50
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Página	100/112





Quinta.- O Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática, en base ao artigo 11 da Orde TER/1235/2023, concede ampliar o prazo de execución dos proxectos ata o 31 de marzo de 2026 inclusive, en resolución de data de 25 de agosto de 2025.

Sexto.- Os traballos a realizar no marco deste contrato contemplan a implantación nos concellos adheridos de sistemas de información tanto para a xestión da base de datos de vivendas xeorreferenciadas como para permitir o tratamento da información de padrón e xerar os arquivos coas correccións a remitir ao INE. Actualmente 64 dos 67 concellos xa teñen estas ferramentas operativas, e estase a cargar a información para xerar unha primeira versión dos arquivos, que se terán que revisar e depurar a posteriori por cada concello.

Consideracións.

Primeira.- O artigo 11 da Orde TER/1235/2023, do 15 de novembro, pola que se aproban as bases reguladoras e efectúase a convocatoria correspondente a 2023 de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización dos sistemas de xestión do padrón municipal das entidades locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, establece que: “Cando existan causas excepcionais que impidan a finalización do proxecto no período de execución sinalado, a entidade beneficiaria poderá solicitar unha ampliación do mesmo debidamente xustificada. Dita solicitude deberá realizarse en todo caso antes do vencemento do prazo de execución do proxecto”.

Segunda.- A situación do proxecto a día 16 de xaneiro de 2025 é que se ben 64 dos 67 concellos xa teñen as ferramentas implantadas, aínda non se procesaron o 100% dos datos de padrón en ningún dos concellos, polo que a esta data non se dispón de ningún arquivo de correccións provisional. Estímase que estes arquivos de corrección provisionais estarán listos para a súa revisión a partir de mediados do mes de febreiro, de forma progresiva en cada un dos concellos. Isto deixaría menos dun mes para a revisión e depuración final dos arquivos por parte dos concellos, estimándose como mínimo un par de meses para realizar estas tarefas de depuración final e así alcanzar unha maior porcentaxe de correccións a enviar ao INE.

Co obxecto de intentar cumprir a maior porcentaxe de correccións nas tarefas vinculadas á xeración dos arquivos a remitir ao INE, a xuízo dos que subscriben, sería preciso adicar un maior tempo á realización das tarefas de depuración finais que deberá facer cada concello sobre os arquivos provisionais xerados de forma

	IV7QGELIXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Fecha y Hora	29/01/2026 11:23:50	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGELIXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Página	101/112	

automática, sendo preciso ampliar o actual prazo de execución solicitando a posible ampliación conforme o artigo 11 da citada Orde TER/1235/2023, solicitándoa no prazo establecido na normativa de aplicación co obxectivo de xerar uns entregables finais de maior calidade e que cubran a maior parte dos casos.

Conclusión.

Polo exposto e conforme o artigo 11 da Orde TER/1235/2023, informamos sobre a necesidade de realizar as actuacións administrativas oportunas para elevar á Xunta de Goberno a seguinte proposta de acordo:

Solicitar ante o Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática unha extensión da data límite para poder executar os traballos vinculados ao proxecto Geopadrón enmarcado nas axudas da Orde TER/1235/2023, do 15 de novembro, pola que se aproban as bases reguladoras e efectúase a convocatoria correspondente a 2023 de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización dos sistemas de xestión do padrón municipal das entidades locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, ata o máximo permitido.

O que se informa para os efectos oportunos á data da sinatura dixital.

Á vista dos informes emitidos polos diferentes Servizos desta Entidade, formúlase á Xunta de Goberno a seguinte proposta de acordo:

Solicitar ante o Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática unha extensión da data límite para poder executar os traballos vinculados ao proxecto Geopadrón enmarcado nas axudas da Orde TER/1235/2023, do 15 de novembro, pola que se aproban as bases reguladoras e efectúase a convocatoria correspondente a 2023 de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización dos sistemas de xestión do padrón municipal das entidades locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, ata o máximo permitido.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA REVOGACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS DE USO DOS HORTOS URBANOS DO PASEO DO RATO, DEBIDO Á FALTA DE CULTIVO.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“O Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo publicado no BOP nº 156 de 9 de xullo de 2020 establece os requisitos e condicións que rexen o uso e funcionamento dos Hortos urbanos do Parque do Rato.

Entre eles establece no seu apartado XI. Órganos competentes o seguinte:

	IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Fecha y Hora	29/01/2026 11:23:50	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Página	102/112	



“Punto 32. En materia relativa á adxudicación dos hortos ou demais acordos que se poidan acadar, o órgano competente será sempre a Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo”.

O 26/01/2024 a Xunta de Goberno acorda a concesión de autorizacións de uso dos Hortos urbanos do Parque do Rato (5ª Fase).

O 14/03/2025 a Xunta de Goberno acorda a aprobación das autorización de uso dos Hortos urbanos do Parque do Rato (6º Fase).

Considerando todo o anterior, que transcorreu un período de tempo suficiente para que os as persoas usuarias autorizadas ao cultivo dos Hortos do Rato realizarán os traballos de adecuación de terreo e plantación, así como recolección e outros asociados ao cultivo da horta, con data de 11 de novembro de 2025, dáse inicio ao procedemento revogación das autorizacións de uso ás persoas usuarias que non están realizando cultivo do Horto que teñen autorizado.

Vistos os informes emitidos polo servizo de Medio ambiente con CSV: IV7QRTS3FUPSRT5CANF4PZ3FKQ e IV7QFSSSYBEJ5VMJCEUAMFHBAA sobre que Hortos presentan falta de cultivo e que se deu audiencia as persoas interesadas por un prazo de 10 días, para que estas presentasen alegacións, tal e como se establece no Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo, apartado XIX.

Vista a documentación e informes presentes no expediente 2025/XEN_01/003941 relativo á perda da condición de usuario/a de Hortos urbanos do Parque Rato e revogación das autorizacións de uso dos hortos non cultivados e tendo en conta que o Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas (BOP nº 156 de 9 de xullo de 2020) establece no seu apartado XVIII os motivos polos cal se pode perder a condición de persoa usuaria dos hortos, entre as que se atopan:

“a) Renuncia ou baixa voluntaria mediante escrito presentado no Rexistro da Excma. Deputación de Lugo, informando previamente aos xestores da actividade.

(...)

d) Falta de cultivo da parcela, salvo causa xustificada.”

Por todo o anteriormente exposto, tendo en conta os expresados informes e de conformidade ás previsións contidas na lexislación patrimonial, en particular na Lei

	IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Fecha y Hora	29/01/2026 11:23:50
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Página	103/112



33/2003 de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas, do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, e o Regulamento das Hortas urbanas ecolóxicas da Excm. Deputación Provincial de Lugo, propónse á Xunta de Goberno:

1º.- A revogación da autorización de uso dos Hortos urbanos do Parque do Rato concedida, e a perda da condición de usuario/a dos Hortos urbanos do Parque do Rato, debido a falta de cultivo da parcela; segundo o establecido no Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas da Excm. Deputación Provincial de Lugo, das seguintes persoas:

HORTO	USUARIO /A
9	MARIA TERESA TOME DOMINGUEZ
76	DAVID SANCHÉZ RUBIO
91	ALBA LÓPEZ PAZ

Dacordo co apartado 34 e o apartado 38, letra f do do Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas da Excm. Deputación Provincial de Lugo, deberán deixar o Horto que tiñan adxudicado, limpo e apto para ser cultivado, no prazo de 15 días seguintes á notificación da presente resolución, así como retirar todo o material que posúan no Horto ou na caseta e que sexa da súa propiedade.

2º.- A revogación da autorización de uso dos Hortos urbanos do Parque do Rato concedida, e a perda da condición de usuaria dos Hortos urbanos do Parque do Rato, debido a renuncia voluntaria, mediante escrito presentado no Rexistro da Excm. Deputación de Lugo de:

HORTO	USUARIA	EXPEDIENTE DA RENUNCIA
92	MARIA PILAR COEDO JATO	2026/PES_03/000765
57	PATRICIA SEIJO LÓPEZ	2026/PES_03/001093

Dacordo co apartado 34 e o apartado 38, letra f do do Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas da Excm. Deputación Provincial de Lugo, deberán deixar o Horto que tiñan adxudicado, limpo e apto para ser cultivado, no prazo de 15 días seguintes á notificación da presente resolución, así como retirar todo o material que posúan no Horto ou na caseta, e que sexa da súa propiedade.

3º.- Manter as autorizacións dos Hortos indicados a continuación, posto que manifestaron por escrito o compromiso de retomar o cultivo do Horto asignado e xustificaron a falta de cultivo do mesmo (1) ou, no seu caso, emendaron as causas que deron inicio ao procedemento de revogación mediante o cultivo da parcela (2).

HORTO	USUARIO /A	CAUSA
7	MIGUEL IRIARTE LÓPEZ	(1)
26	TAMARA VIÑA ZAS	(2)
74	ANA Mª CARBALLIDO FALCÓN	(1)

	IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Fecha y Hora	29/01/2026 11:23:50
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Página	104/112





A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA XUBILACIÓN FORZOSA, POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGAL ESTABLECIDA, DUN MAQUINISTA DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que D. José Manuel Cebal Varela, Maquinista do Cadro de Persoal Funcionario, cumpre os 65 anos de idade o día 8 de febreiro de 2026, data previsible da súa xubilación forzosa, que á citada data terá recoñecidos 38 anos, 6 meses e 15 días de servizos prestados nesta Deputación provincial, acreditando un período de cotización á Seguridade Social superior aos 38 anos e 3 meses e non tendo solicitada a prolongación no servizo activo.

Tendo en conta as consideracións de dereito, que se recollen no informe do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia a Concellos, que sinala textualmente:

22.1.- O artigo 2/2015 do 29 de abril do Emprego Público de Galicia establece:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida

(...)”.

2.2.- O artigo 67 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, preceptúa:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.

(...)”.

	IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Fecha y Hora	29/01/2026 11:23:50	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Página	105/112	

4.- Con independencia da idade de xubilación forzosa establecida no apartado 3, a idade da xubilación forzosa do persoal funcionario incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social será, en todo caso, a que prevexa as normas reguladoras do dito réxime para el acceso á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva sen coeficiente redutor por razón da idade.”.

3.- A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2026	38 anos e 3 meses ou máis	65 anos.
	Menos de 38 anos e 3 meses	66 anos e 10 meses

[...]”.

Á vista dos considerandos anteriormente sinalados e tendo presente que D. José Manuel Cebral Varela terá acreditado, á data do 8 de febreiro de 2026, na que cumpre os 65 anos de idade, un período de cotización superior aos 38 anos e 3 meses e non tendo solicitado a prolongación de permanencia no servizo activo.

Tendo en conta cando antecede, na miña condición de Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propoño que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida do funcionario provincial, D. José Manuel Cebral Varela, con efectividade do día 8 de febreiro de 2026, derradeiro día que presta servizos a esta Entidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 373/2025.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“En relación co Oficio remitido polo Xulgado do Cotencioso Administrativo nº2 de Lugo, polo que, entre outras cuestións, se solicita a esta entidade, o expediente

	IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Fecha y Hora	29/01/2026 11:23:50
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Página	106/112





administrativo en relación co Procedemento abreviado 0000373/2025 seguido a instancia de D. Diego García Basanta fronte á Deputación *“Por responsabilidad patrimonial de administración, a tramitar por el procedimiento abreviado, contra silencio administrativo negativo de la Ilustre Diputación Provincial de Lugo”*, á Xunta de Goberno propónse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no devandito procedemento a través dos letrados da Asesoría Xurídica Provincial.

2º.- A remisión do expediente administrativo ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo pola unidade administrativa encargada da súa elaboración nos termos requiridos polo Xulgado.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 381/2025.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“En relación co Oficio remitido polo Tribunal de Instancia Sección do Contencioso Administrativo Praza nº1 de Lugo, polo que, entre outras cuestións, se solicita a esta entidade, o expediente administrativo en relación co procedemento abreviado 381/2025 seguido a instancia de D^a María Mar Rego Balsa e Reale Seguros Generales, S.A. fronte á *“Diputación Provincial de Lugo, con domicilio en Rúa San Marcos, 8, C.P. 27001, Lugo, por responsabilidad patrimonial de la administración como titular de la carretera LU-P-5207, por los daños ocasionados en el vehículo de mi representada en la cantidad total de mil sesenta y nueve euros con catorce céntimos (1.069,14 €)”*, á Xunta de Goberno propónse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no devandito procedemento a través dos letrados da Asesoría Xurídica Provincial.

	IV7QGELIXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Fecha y Hora	29/01/2026 11:23:50
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGELIXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Página	107/112



2º.- A remisión do expediente ao Tribunal de Instancia Sección do Contencioso Administrativo Praza nº1 de Lugo de Lugo pola unidade administrativa encargada da súa elaboración nos termos requiridos polo Xulgado.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 397/2025.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica:

“En relación co Oficio remitido polo Xulgado do Cotencioso Administrativo nº1 de Lugo, polo que, entre outras cuestións, se solicita a esta entidade, o expediente administrativo en relación co Procedemento abreviado 0000397/2025 seguido a instancia de Construcciones Leonardo Miguélez, S.L. fronte *“Resolución de 31 de octubre de 2025, notificada a esta parte el 3/11/25, dictada por el Presidente de la Diputación Provincial de Lugo que desestimó el recurso de reposición presentado contra resolución anterior del mismo órgano, por el que se acordó imponer a mi representado una penalización por importe de 10.584,10 euros.”*, á Xunta de Goberno propónse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no devandito procedemento a través dos letrados da Asesoría Xurídica Provincial.

2º.- A remisión do expediente administrativo ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo pola unidade administrativa encargada da súa elaboración nos termos requiridos polo Xulgado.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 152/2025.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica:

“Vista a resolución da Alcaldía do Concello de O Valadouro en relación co Procedemento Ordinario 0000152/2025 seguido ante o Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo a instancia de Dª María José Rega Montero fronte ao dito Concello en materia de responsabilidade patrimonial.

	IV7QGELIXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Fecha y Hora	29/01/2026 11:23:50	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGELIXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Página	108/112	



Visto que na dita resolución se resolve emprazar á Deputación de Lugo para que poida persoarse como parte codemandada ante o dito Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo.

Visto o anterior, é polo que á Xunta de Goberno se propón a adopción do seguinte acordo:

1º.- A comparecencia desta entidade no procedemento anteriormente referenciado a través dos letrados da Asesoría Xurídica Provincial.

2º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora preciso.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- CONTA E CUMPRIMENTO DO DECRETO Nº 25/2025.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Vista a Sentenza nº239/2022, de data 22 de xuño de 2022, ditada polo Xulgado de 1ª Instancia nº 2 de Lugo, no procedemento: ICO incidente concursal común 0000523/2015 0001, cuxa parte dispositiva é a seguinte:

“Que, desestimando la demanda de incidente concursal promovida por el Letrado de la Diputación Provincial de Lugo, frente a la Administración Concursal de la entidad Marful y Varela SL, y a la concursada Marfurl y Varela SL, representada por la Procuradora Sra. Arias Regueira, debo absolver y absuelvo a los demandados de todas las peticiones formuladas en la demanda. Con imposición de costas a la actora. Contra la presente resolución cabe interponer recurso de apelación para ante la Audiencia provincial de Lugo.”

Visto que fronte á devandita Sentenza a Deputación interpón recurso de apelación- RPL 936/2022- resolto pola Sección 1 da Audiencia Provincial de Lugo na súa Sentenza nº 415/2024, de data 30 de outubro de 2024, no senso que segue:

“Se desestima el recurso de apelación presentado por la Diputación Provincial de Lugo contra la sentencia de fecha 22 de junio de 2022 dictada por el Juzgado de Primera

	IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Fecha y Hora	29/01/2026 11:23:50	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Página	109/112	

Instancia Nº 2 de Lugo y se confirma la resolución impugnada. Las costas de segunda instancia se imponen a la parte recurrente."

Vista Dilixencia de Ordenación de data 18 de decembro de 2024 da Sección 1 da Audiencia Provincial de Lugo na cal se sinala o seguinte: *"Presentado escrito por Carlos Manuel Costas Manzanares (administrador concursal), en el que se solicita la práctica de la tasación de costas, y al que se acompaña la documentación legalmente exigida, acuerdo pasar las actuaciones para efectuarla, cuando por su turno corresponda."* O citado escrito do Procurador solicita a práctica da taxación de custas no importe de 1.923,90 euros.

Fronte á citada Dilixencia de Ordenación a Asesoría Xurídica presenta escrito de impugnación da práctica de taxación de custas por excesivas, sendo resolta a cuestión polo Decreto n.º 25/2025, de data 14 de xullo, ditada pola dita Sección 1 da Audiencia Provincial de Lugo no Rollo de Impugnación da Taxación de Custas 936/2022 0001 no seguinte senso:

"Acuerdo: 1.- Desestimar la impugnación de la tasación de costas efectuada en las presentes actuaciones y en consecuencia aprobar la misma que asciende a la cantidad de 1.923,90 euros. 2.- Imponer las costas causadas en este incidente a la parte impugnante."

Tendo en conta que as Sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes son de obrigado cumprimento por imperativo legal (artigo 118 da Constitución Española, artigo 17 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e artigos 103 a 113 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa).

Considerando, por tanto, a necesidade de dar cumprimento ás devandita resolucións, e unha vez realizada a tramitación legalmente establecida- e tendo en conta, asemade, a comunicación de existencia de crédito suficiente para o aboamento de ditas cantidades, comunicada polo Servizo de Intervención- á Xunta de Goberno propónse:

1º.- Darse por enterada da devandita Sentenza así como do Decreto de data 14 de xullo de 2025 ditado pola Sección 1 da Audiencia Provincial de Lugo no que se acorda aprobar a taxación de custas a que foi condenada a Deputación.

2º.- Levar a debido efecto e practicar o que esixa o cumprimento das devanditas resolucións.

3º.- O importe a abonar en concepto de custas é o importe de 1.923,90 euros, ingreso que se fará na conta indicada pola Audiencia Provincial de Lugo."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y		Fecha y Hora	29/01/2026 11:23:50	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y		Página	110/112	



18.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

1ª.- Dación de conta do decreto nº 45/2025.

Dase conta do decreto nº 45/2025, de 13 de novembro de 2025, ditado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo no Procedemento Abreviado 0000184/2025 seguido a instancia de D. Ángel Rozas Castro fronte á Deputación en materia de responsabilidade patrimonial, e en cuxo fallo dí o seguinte: *“Tener por desistido al recurrente Ángel Rozas Castro declarando la terminación de este procedimiento, sin que proceda el pronunciamiento de costas. Dejar sin efecto el señalamiento del día 25/11/2025 a las 9:30 horas, debiendo las partes avisar a sus respectivos testigos y peritos. Firme la presente resolución, devolver el expediente a la Administración demandada, interesando acuse de recibo en el plazo de 10 días, y verificado archivar las actuaciones.”* A Xunta de Goberno queda enterada.

2ª.- Dación de conta das Sentenzas nº 269/2022 e nº 394/2025.

Dase conta da sentenza nº 269/2022, de 5 de setembro de 2022 ditada polo Xulgado de 1ª Instancia nº 3 de Lugo no Procedemento Ordinario 1003/2021, seguido a instancia de Gestión Compra de Impagados S.L. fronte á Deputación, e en cuxo fallo dí o seguinte: *“Que desestimando íntegramente como desestimo la demanda ejercitada por la representación procesal de GESICO, Compra de Impagados S.L., contra la Diputación Provincial de Lugo, debo absolver y absuelvo a la demandada de las pretensiones frente a ella ejercitadas. Se impone a la demandante el pago de las costas causadas en el presente procedimiento. Notifiquese la presente resolución a las partes haciéndoles saber que contra la misma cabe recurso de apelación que se interpondrá por escrito ante este Juzgado dentro del plazo de veinte días, a contar desde el siguiente a su notificación y se resolverá ante la Ilma. Audiencia Provincial de Lugo.”* A Xunta de Goberno queda enterada.

Dase conta da Sentenza nº 394/2025, de 20 de outubro de 2025 ditada pola Sección nº1 da Audiencia Provincial de Lugo no Recurso de apelación 884/2022, e en cuxo fallo dí o seguinte: *“Se desestima el recurso de apelación. Se confirma la sentencia de instancia. Las costas de apelación se imponen a la parte apelante.”* A Xunta de Goberno queda enterada.

	IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Fecha y Hora	29/01/2026 11:23:50
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGELILXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Página	111/112



3º.- Dación de conta das sentenzas nº 410/2025 e nº 452/2025.

Dase conta da Sentenza nº 410/2025, de 17 de xuño de 2025, ditada polo Xulgado de 1ª Instancia nº2 de Lugo no procedemento: ICO Incidente Concursal Común 0000953/2024 0002, e en cuxo fallo dí o seguinte: “Se estima la demanda incidental promovida por la Diputación Provincial de Lugo y se declara que no ha lugar a la exoneración del pasivo insatisfecho solicitada. Se imponen las costas a la parte demandada.” A Xunta de Goberno queda enterada.

Dase conta da Sentenza nº452/2025, de 20 de novembro de 2025, ditada pola Audiencia Provincial de Lugo- Sección nº1- no Rollo: RPL Recurso de Apelación 0000931/2025, e en cuxo fallo dí o seguinte: “Se desestima el recurso de apelación planteado. Se confirma la sentencia de instancia. Se imponen las costas a la parte apelante.” A Xunta de Goberno queda enterada.

19.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO

	IV7QGELIXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Fecha y Hora	29/01/2026 11:23:50	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGELIXWO7PJ3CAYGGL2T7Y	Página	112/112	